



Concello de Vigo
Expte. 4635/1101

ACTA

PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 17/2024

SESIÓN ORDINARIA DO 30 DE SETEMBRO DE 2024

ORDE DO DÍA

- 1. Actas anteriores:** Ordinaria (agosto) do 9 de setembro.

PARTE RESOLUTIVA

Ditames das comisións informativas:

PATRIMONIO HISTÓRICO, CULTURA, IGUALDADE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

- 2.** Dar conta do proxecto de obras de reforma de fachada e acondicionamento de local municipal na rúa Santiago (Paseo de Alfonso XII). Expediente 12120/307. (Expte. Pleno 4619/1101).

SEGURIDADE, CONTRATACIÓN, FESTAS E XESTIÓN MUNICIPAL

- 3.** Actualización da fórmula de cálculo das gratificacións por servizos extraordinarios prestados fóra da xornada laboral ordinaria. Expediente 44575/220. (Expte. Pleno 4629/1101).

ORZAMENTOS E FACENDA

- 4.** Dar conta das Liñas Fundamentais do Orzamento do 2025. Expte. 91/142. (Expte. Pleno 4582/1101).
- 5.** Modificación da ordenanza fiscal xeral. Expte. 3180/500. (Expte. Pleno 4583/1101).
- 6.** Modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles. Expte. 3181/500. (Expte. Pleno 4584/1101).
- 7.** Modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica. Expte. 3182/500. (Expte. Pleno 4585/1101).



8. Modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre actividades económicas. Expte. 3183/500. (Expte. Pleno 4586/1101).
9. Modificación da ordenanza fiscal reguladora sobre o imposto sobre construcións, instalacións e obras. Expte. 3184/500. (Expte. Pleno 4587/1101).
10. Modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas pola recollida do lixo. Expte. 3185/500. (Expte. Pleno 4588/1101).
11. Modificación da ordenanza fiscal reguladora dos prezos públicos das Escolas Municipais de Música e Artes Escénicas. Expte. 3187/500. (Expte. Pleno 4589/1101).
12. Modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola concesión de licenzas de construcións, obras e instalacións. Expte. 3188/500. (Expte. Pleno 4590/1101).
13. Modificación da ordenanza reguladora dos prezos públicos por utilización das instalacións deportivas municipais dependentes da Concellería de Deportes. Expte. 3189/500. (Expte. Pleno 4591/1101).
14. Modificación da ordenanza reguladora de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario polos servizos de inmovilización, retirada e depósito e custodia de vehículos. Expte. 3191/500. (Expte. Pleno 4592/1101).
15. Modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas polos documentos que expida ou que estenda a Administración do Concello e a Xerencia de Urbanismo a instancia de parte. Expte. 3198/500. (Expte. Pleno 4593/1101).

URBANISMO

16. Plan especial de infraestructuras e dotacións para a ubicación da Biblioteca Pública Estatal en Vigo. Aprobación definitiva. Expte. 18662/411. (Expte. Pleno 4636/1101).

Mocións:

17. Moción do grupo municipal Socialista instando a Xunta de Galicia a elaborar e executar un plan anual de atención o río Lagares dende Augas de Galicia. Expte. Pleno 4637/1101.
18. Moción do grupo municipal Socialista para esixirlle a Xunta de Galicia que todos os centros educativos vigueses dispoñan de orientadores e orientadoras, así como dos e das especialistas necesarios para garantir a atención educativa adecuada aos nosos nenos e nenas. Expte. Pleno 4638/1101.
19. Moción do grupo municipal Socialista instando a Xunta de Galicia á inmediata devolución da parcela, actualmente en desuso, da antiga Estación de Autobuses de Vigo, unha vez concluída a finalidade que motivou a cesión da mesma polo Concello de Vigo á Xunta de Galicia. Expte. Pleno 4639/1101.
20. Moción do grupo municipal Socialista instando a Xunta de Galicia á asunción da débeda histórica que ten coa cidade de Vigo, incrementada en 470 millóns polo sobrecusto da construción do Hospital Álvaro Cunqueiro, incluíndo nos Orza-



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2024 10:16	Páxina 2 de 164
4675-1101	CSV: ADA2C4-A23HB1-AEA6E6-9WJG3H-72V374-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

mentos autonómicos para 2025, as correspondentes partidas que permitan os investimentos que esta cidade demanda. Expte. Pleno 4640/1101.

- 21.** Moción do grupo municipal Socialista instando a Xunta de Galicia a reactivar de forma inmediata e urxente a “Comisión Mixta para a integración da rede galega de trastornos aditivos no Servizo Galego de Saúde”. Instando a que dote nos orzamentos da Xunta do 2025 a partida necesaria para materializalo e mentres esta non se produza, a Xunta asuma á contratación do persoal para a cobertura das vacantes. Expte. Pleno 4641/1101.

PARTE DE CONTROL

Mocións.

- 22.** Moción do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego instando ao goberno municipal a promoción e participación cidadá e a xestión transparente no Concello de Vigo. Expte. Pleno 4642/1101.
- 23.** Moción do grupo municipal do Partido Popular instando ao Concello de Vigo a incrementar as partidas económicas dedicadas a autoxestión. Avaliar a situación dos centros educativos de Vigo en referencia a conservación e mantemento. Implantar medidas de control sobre o servizo de limpeza dos centros educativos públicos e instar á Concellería de Política Social a buscar axudas para o pago anticipado das axudas de comedor antes da finalización do último cuadrimestre. Expte. Pleno 4643/1101.

Resolucións.

- 24.** Dar conta de resolucións da Alcaldía ditadas entre o 31/08/24 e o 23/09/24, incluídas no expediente 1748/1102, (Expte. Pleno 4633/1101).
- 25.** Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, ditadas entre o 31/08/24 e o 23/09/24, incluídas no expediente 1749/1102, (Expte. Pleno 4634/1101).
- 26. Formulación de rogos.**
- 27. Formulación de preguntas.**

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Ilmo. Sr. Alcalde (incorporase no punto nº 15)
Aguiar Castro, Yolanda
Alonso Suárez, Olga
Aneiros Pereira, Jaime (auséntase no punto nº 17)
Caride Estévez, María José
Espinosa Mangana, Elena (incorporase no punto nº 15)
Estévez Rodríguez, Pablo Luis

POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Benavides Alonso, Daniel
García González, Patricia
González Abeijón, Fernando
Martin Peña, Jose Miguel
Sanchez Méndez, M^a Luisa

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2024 10:16	Páxina 3 de 164
4675-1101	CSV: ADA2C4-A23HB1-AEA6E6-9WJG3H-72V374-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Fernández Pérez, José Manuel
Gómez Díaz, Gorka
Iglesias González, Ana Laura
Iglesias López, Patricia
López Font, Carlos
Mejías Sacaluga, Ana Maria
Pardo Espiñeira, Francisco Javier
Rivas González, Ángel
Rodríguez Calviño, Patricia
Rodríguez Rodríguez, Nuria

Abalde Comesaña, Filipe
Martínez Piñeiro, Ana
Pérez Igrexas, Xabier

NON ASISTEN:

Lago Barreiro, M.^a del Carmen, concelleira do grupo municipal Socialista.
Silva Rego, M.^a Carmen, 1.^a Tenente de Alcaldía.

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos (09:05) do día trinta de setembro do ano dous mil vinte e catro (30/09/24), coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Abel Caballero Alvarez (nos puntos da orde do día do 15 ao 17) e o resto de asuntos foron presididos polo Sr. Teniente de Alcalde, D. Francisco Javier Pardo Espiñeira e asistencia dos concelleiros arriba sinalados, constituíuse o Pleno da Excmo. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida.

Asiste pola Intervención o Interventor Xeral municipal, don Alberto Escariz Couso, e pola Secretaría o Secretario Xeral do Pleno, don Jose Villán Fuertes, que dá fe do acto.

Constatada a existencia de quórum suficiente para a súa constitución, o Sr. Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

PRESIDENCIA.- O Sr. Presidente da sesión indica que o punto relacionado co número 2 na Orde do Día trasládase ao punto número 25, despois de dar conta das Resolucións da Alcaldía e das resolucións das concellerías-delegadas, ao tratarse de dar conta dunha Resolución específica da Alcaldía. Os asuntos serán renumerados na acta da sesión con esa modificación respecto á Orde do Día.

1.(163). ACTAS ANTERIORES: ORDINARIA (AGOSTO) DO 9 DE SETEMBRO.

VOTACIÓN E ACORDO.

Por unanimidade dos membros presentes (23) da Corporación aprobase a seguinte acta:

- Sesión núm. 15/2024 ordinaria, celebrada o 9/09/2024.

PARTE RESOLUTIVA



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2024 10:16	Páxina 4 de 164
4675-1101	CSV: ADA2C4-A23HB1-AEA6E6-9WJG3H-72V374-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

2.(164). ACTUALIZACIÓN DA FÓRMULA DE CÁLCULO DAS GRATIFICACIÓNS POR SERVIZOS EXTRAORDINARIOS PRESTADOS FÓRA DA XORNADA LABORAL ORDINARIA. EXPEDIENTE 44575/220. (EXPTE. PLENO 4629/1101).

ANTECEDENTES: Con data 11 de setembro de 2024, a técnica de Admón. Xeral e a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación co conforme das concelleiras de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación e da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, emiten o seguinte informe proposta,

«ANTECEDENTES:

I.- Por resolución da concelleira delegada competente de data 29/05/2024, acordouse incoación de expediente administrativo para a revisión da fórmula de cálculo das gratificacións por servizos extraordinarios realizados fóra da xornada laboral ordinaria, dispoñendo a tramitación administrativa que resulte procedente conforme á normativa vixente.

II.- En data de 31/05/2024 a xefatura da área de RRHH solicita "elaboración de borrador técnico contendo proposta pola parte lexitimada en representación do goberno municipal, para someter a negociación colectiva a revisión da fórmula de cálculo das gratificacións por servizos extraordinarios prestados fóra da xornada laboral ordinaria. Elo conforme ao informe xa emitido na Área de RRHH e Formación e documentada no expte 42009-220."

III.- No expediente 42009-220, emitíronse informes pola Área de RRHH e Formación, Asesoría Xurídica Municipal, Intervención Xeral e Tesourería coas seguintes conclusións:

➤ Área de RRHH e Formación:

"Na normativa analizada, non se regula expresamente cal debe ser o valor das gratificacións por servizos extraordinarios realizados fóra de xornada para o persoal ao servizo das administracións públicas, salvo o disposto no ET e na xurisprudencia do social para as horas extras do persoal laboral, ao establecer que en ningún caso poderá ser inferior ao valor da hora ordinaria, entendendo o seu valor como o resultado de dividir as cantidades retribuídas por parte da empresa ao longo do ano, pola xornada laboral establecida ou pactada.

-Á vista do exposto, enténdese que o cálculo con maior fundamentación sería o resultado de dividir o importe anual total de retribucións, entre as horas realizadas anualmente (1642, actualmente).

Básicas+antigüidade+CD+CE + proporc. Paga extra / 1642

-O acordado debería ser igualmente aplicable tamén para as tramitacións dos cálculos sobre descontos de retribucións ou devolución de haberes indebidamente percibidos por parte do persoal ao servizo da administración.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2024 10:16	Páxina 5 de 164
4675-1101	CSV: ADA2C4-A23HB1-AEA6E6-9WJG3H-72V374-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

-Entendemos que a regulación que se adopte, para garantir unha aplicación obxectiva e eficaz na súa tramitación, debería ser aplicable indistintamente tanto para o persoal funcionario como para o persoal laboral, tal e como se veu equiparando ata o momento coa aplicación do Convenio Regulador e as Instrucións de Plantilla de 2010, sen distinción entre os distintos servizos municipais (incluídos os servizos de Prevención e Extinción de Incendios e Policía Local) e para todos os grupos e subgrupos de persoal.

-Sen prexuízo do anterior, deberá observarse a regulación específica e aquelas limitacións recollidas na normativa aplicable a cada grupo de persoal, como por exemplo a limitación das 80 horas anuais para o persoal laboral, ou a imposibilidade de substituír a retribución das gratificacións do persoal funcionario por tempo de descanso (máis alá da flexibilidade permitida no cumprimento da xornada).

- Estas gratificacións en ningún caso poderán ser fixas na súa contía nin periódicas no seu devengo, e tan só precederá a tramitación do seu pago cando se acredite o estricto cumprimento da xornada establecida, debendo figurar saldo positivo no control horario do persoal solicitante. Esta acreditación será responsabilidade das respectivas xefaturas no momento de realizar as oportunas solicitudes, sen prexuízo do control posterior por parte da Área de Recursos Humanos e Formación.

-A determinación e aplicación das retribucións complementarias dos funcionarios é unha materia obxecto de negociación colectiva conforme ao disposto no artigo 37.1 b) do TREBEP.

O que se informa, e a reserva do que se poida informar por parte da Asesoría Xurídica Municipal, da Intervención Xeral e do Director Superior Contable e Orzamentario aos que se lle dará traslado do presente informe para que realicen as achegas e manifestacións que consideren procedentes ao respecto."

➤ **Asesoría Xurídica Municipal:**

"Primeiro. A fórmula proposta para o cálculo do valor hora se considera axeitada para o persoal laboral ao ser acorde aos recoñecementos das contías reclamadas recollidos nos pronunciamentos xudiciais recaídos nos procedementos instados polo dito persoal ante a Xurisdición do social e parece respectar o disposto no art. 35 do Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, que proscribe que o valor da hora extraordinaria sexa inferior ao da ordinaria, debendo terse en conta a limitación imposta no dito artigo en canto ao número de horas extraordinarias anuais. E, en consecuencia, tamén resulta axeitada para o persoal funcionario, tal e como comezan a recoller as sentenzas relativas á Policía Local (sen prexuízo de que a súa firmeza non se produciu ao seren admitidos os recursos de casación); e, habida conta da equiparación en dereitos que recolle o Acordo regulador municipal.

Non obstante, estando recollida a fórmula de cálculo do valor hora nun instrumento de negociación colectiva, se pode inferir que, calquera modificación do establecido nel deberá seguir a mesma tramitación que para a súa aprobación. Polo que se debe remitir a solución da cuestión que se propón ao que resulte do proceso de negociación colectiva, atendendo ao disposto no art. 37.1.b) do TREBEP.

Segundo. A Previsión de gratificación sen distinción de grupo funcional, axústase ao réxime retributivo previsto no TREBEP que non ampara diferencias de trato derivadas da súa clasificación nin prevé a compensación dos excesos da xornada con descansos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2024 10:16	Páxina 6 de 164
4675-1101	CSV: ADA2C4-A23HB1-AEA6E6-9WJG3H-72V374-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Terceiro. En ambos casos, calquera modificación que supoña un incremento das retribucións complementarias deberá suxeitarse ás limitacións que se establecen, entre outras, na normativa orzamentaria (art. 19 da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Presupostos xerais do Estado para o ano 2023. No entanto, remitímonos neste extremo ao que sinale a Intervención Xeral Municipal.

Cuarto. En cambio non semella correcta a previsión de aplicar igual cálculo para a dedución de haberes que non ten carácter sancionador, xa que existe un réxime legal aplicable en esta materia contido, especificamente, no art. 36 da Lei Lei 31/1991, de 30 de decembro, de Presupostos Xerais del Estado para 1992. Deberase examinar este extremo, á vista do apartado sexto deste informe.

É canto podemos informar, respecto da consulta formulada da que a súa necesidade foi confirmada pola Concellaría da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal directamente á asinante este informe.”

➤ *Intervención Xeral:*

“Primeira.- Ao parecer desta intervención o único sistema lóxico e racional para o cálculo do valor da hora ordinaria ou normal de traballo é o que resulta de dividir o importe das retribucións íntegras anuais de carácter fixo entre as horas de traballo correspondentes á xornada de traballo en cómputo anual (como regra xeral 1.642, sen prexuízo da existencia de determinados colectivos aos que resulte de aplicación unha xornada en réxime de especial dedicación).

Con todo, dado que tanto a antigüidade como as pagas extraordinarias forman parte das retribucións básicas, a fórmula proposta pola Área de RRHH e Formación debería corrixirse a fin de non duplicar conceptos retributivos nin inducir a novas confusións, debendo ser a seguinte:

Valor hora ordinaria ou normal =	$\frac{\text{Retribucións íntegras anuais de carácter fixo}}{\text{Xornada de traballo en cómputo anual (1.642 como regra xeral)}}$
----------------------------------	-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

ou, o que é o mesmo:

Valor hora ordinaria ou normal =	$\frac{\text{Retribucións básicas + CD (importe anual) + CE (importe anual)}}{\text{Xornada de traballo en cómputo anual (1.642 como regra xeral)}}$
----------------------------------	------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

Segundo.- En calquera caso esta materia virá condicionada pola limitación do crédito para estas atencións nas correspondentes aplicacións orzamentarias conforme ao disposto no artigo 6 do RDRFAL. Ademais, lembramos que continúa plenamente vixente respecto do persoal funcionario a limitación global aos créditos por gratificacións extraordinarias establecido no art. 7 do citado Real Decreto.

Terceiro.- A opinión expresada no presente informe non prevalecerá, en ningún caso, sobre a do órgano ou servizo xestor (artigo 15 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local), ao que corresponderá formular a correspondente proposta con base no seus propios criterios e baixo a súa exclusiva responsabilidade.”



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2024 10:16	Páxina 7 de 164
4675-1101	CSV: ADA2C4-A23HB1-AEA6E6-9WJG3H-72V374-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

➤ Tesourería:

“Hai por tanto dúas alternativas:

- i. Manter a situación actual, que ten amparo legal e que parece difícil que a xurisdición Contencioso se pronuncie por establecer un sistema de cuantificación para retribuír a hora extra que non ten regulación na normativa vixente (RDL 5/2015, Lei 30/1984, RD 861/1986, Lei 2/2015).
- ii. Modificar o criterio, cunha modificación do Acordo Regulador vixente, sistema que se aplicaríase a partires da entrada en vigor da modificación do Acordo regulador das condicións económicas e socias dos traballadores. Si se optase por esta alternativa, tamén habería que deixar fixado, o nº máximo de horas ano, que por analoxía co ET, non debería pasar das 80 horas/ano.

O meu criterio, é de manter a situación actual, aínda que, como fago constar, ten as súas debilidades.”

IV.- Consta certificado de data 02/09/2024 da MXN segundo o cal a mesa común de negociación para o persoal funcionario e laboral do Concello de Vigo, na súa sesión ordinaria do 31 de xullo de 2024, adoptou por unanimidade da representación sindical o acordo de proposta de revisión da fórmula de cálculo das gratificacións por servizos extraordinarios.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Solicítase "borrador técnico contendo proposta pola parte lexitimada en representación do goberno municipal, para someter a negociación colectiva a revisión da fórmula de cálculo das gratificacións por servizos extraordinarios prestados fóra da xornada laboral ordinaria. Elo conforme ao informe xa emitido na Área de RRHH e Formación e documentada no expte 42009-220.

Segundo consta en informe emitido na Área de RRHH e Formación de 28/04/2023 (expediente 42009-220) :

“1.- Xornada de traballo do persoal ao servizo da Administración Pública

O artigo 94 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), dispón que a xornada de traballo dos funcionarios da Administración Local será en cómputo anual a mesma que se fixe para os funcionarios da Administración Civil do Estado.

En este senso, a Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, “por la que se dictan instrucciónes sobre jornada y horarios de trabajo del personal al servicio de la Administración General del Estado y sus organismos públicos”, establece que a duración da xornada xeral será de 37 horas e media semanais de traballo efectivo de promedio en cómputo anual, equivalente a 1642 horas anuais.

2- As retribucións dos funcionarios públicos; as gratificacións por servizos extraordinarios

O artigo 93 da LBRRL dispón que as retribucións básicas dos funcionarios locais terán a mesma estrutura e idéntica contía que as establecidas con carácter xeral para toda a función pública e que as retribucións complementarias ateranse, así mesmo, á estrutura e criterios de valoración obxectiva das do resto dos funcionarios públicos. A súa



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2024 10:16	Páxina 8 de 164
4675-1101	CSV: ADA2C4-A23HB1-AEA6E6-9WJG3H-72V374-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

contía global será fixada polo Pleno das Corporación dentro dos límites máximos e mínimos que se sinalen polo Estado.

O artigo 23.3 da Lei 30/84, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da función pública (vixente en tanto non se opoña ao establecido no TREBEP ata que se diten as leis de función pública e as normas regulamentarias de desenvolvemento, segundo a Disposición final cuarta, 2, do citado texto refundido) recolle, dentro das retribucións dos funcionarios públicos:

d) as gratificacións por servizos extraordinarios, fóra da xornada normal, que en ningún caso poderán ser fixas na súa contía e periódicas no seu devengo.

Nunha regulación máis específica no eido local, o artigo 6 do Real Decreto 861/86, de 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios da administración local, establece que:

“1. Corresponde al Pleno de la Corporación determinar en el presupuesto la cantidad global destinada a la asignación de gratificaciones a los funcionarios dentro de los límites máximos señalados en el artículo 7.2,c), de este Real Decreto.

2. Corresponde al Alcalde o Presidente de la Corporación la asignación individual, con sujeción a los criterios que, en su caso, haya establecido el Pleno, sin perjuicio de las delegaciones que pueda conferir conforme a lo establecido en la Ley 7/1985, de 2 de abril.

3. Las gratificaciones, que en ningún caso podrán ser fijas en su cuantía ni periódicas en su devengo, habrán de responder a servicios extraordinarios realizados fuera de la jornada normal de trabajo.”

Na normativa analizada, non se recolle expresamente a posibilidade de substituír para o persoal funcionario o pago destas retribucións coa compensación con descansos dentro da súa xornada, (tal e como tivo ocasión de manifestarse a STS de 30 de setembro de 2009, nº recurso 6087/2009).

Cuestión distinta é a posibilidade de flexibilidade no cumprimento da xornada por parte do persoal, sempre que se respecte o horario de presenza mínimo establecido, nos termos recollidos nas pertinentes Instrucións Municipais de xornada e acorde ao estipulado na Resolución de 28 de febreiro de 2019 da Secretaría de Estado de Función Pública.

3- Regulación de horas extras do Persoal Laboral

O Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, de aplicación ao persoal laboral (ET), recolle no seu artigo 35, que terán consideración de horas extraordinarias aquelas horas de traballo que se realicen sobre a duración máxima da xornada ordinaria de traballo, fixada de acordo co artigo anterior. Mediante convenio colectivo ou, no seu defecto, contrato individual, optarase entre aboar as horas extraordinaria na coantía que se fixe, que en ningún caso poderá ser inferior ao valor da hora ordinaria, ou compensalas por tempo equivalentes de descanso retribuído. En ausencia de pacto ao respecto, entenderase que as horas extraordinarias realizadas deberán ser compensadas mediante descanso dentro dos catro meses seguintes á súa realización.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2024 10:16	Páxina 9 de 164
4675-1101	CSV: ADA2C4-A23HB1-AEA6E6-9WJG3H-72V374-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O número de horas extraordinarias non poderá ser superior a oitenta ao ano, salvo o previsto no apartado 3 do mesmo artigo (sinistros e outros danos extraordinarios e urxentes).

Partindo da obriga de que o valor da hora extraordinaria non pode ser inferior ao da hora ordinaria, primeiramente habería que determinar cal é o valor real de esta última.

E para isto, a fórmula xurisprudencialmente máis recoñecida (no ámbito do social) resulta daquela de dividir as cantidades retribuídas por parte da empresa ao longo do ano, pola xornada laboral establecida ou pactada, "...computando para el cálculo el salario base y todos los complementos salariales que correspondan a la ejecución normal del trabajo, excluyendo solo aquellos conceptos que vienen a compensar de modo específico circunstancias excepcionales en el desarrollo del trabajo....como penosidad, toxicidad, peligrosidad..., que solo se devengarán si el trabajo -sea hora ordinaria o extraordinaria- se realiza en las condiciones de penosidad, toxicidad, peligrosidad... requeridas para el devengo del citado plus." (Sentenzas do Tribunal Supremo, Sala do Social de 05/03/2013, 07/02/2012, 21/02/2007 e 10/11/2009, entre outras).

4-Regulación Municipal:

4.1-Acordo regulador / Convenio vixente do persoal ao servizo do Concello Vigo

O Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores do Concello de Vigo, no seu artigo 20, establece a equiparación en canto ao réxime retributivo entre o persoal funcionario e laboral, regulando que as retribucións do persoal laboral estableceranse en función da titulación de equiparación e serán as mesmas cas do persoal funcionario da súa mesma categoría e antigüidade.

O citado acordo regula no seu artigo 13 os "Servizos extraordinarios fóra da xornada normal de traballo".

O último parágrafo do citado artigo dispón que:

"Para os empregados as horas extraordinarias non compensadas con descansos unha vez transcorridos catro meses dende a súa realización aboaranse por cuatrimestres naturais ao valor do importe da hora normal de traballo."

A Disposición transitoria Sexta, (regra terceira), do mesmo Acordo regulador, recolle a fórmula de cálculo para o pago deste tipo de gratificacións:

"Terceira: as horas en exceso sobre a xornada normal de traballo que se produzan ó longo do ano compensaranse preferentemente con descansos. Non obstante, cada cuatrimestre, aboaranse como gratificación por servizos especiais, aquelas en que transcorridos mais de catro meses desde que se realizaron, non puideron ser compensadas por motivos do servizo.

Dita gratificación por xornada en exceso aboarase ó mesmo importe que o desconto proporcional de retribucións, dividindo as retribucións fixas e periódicas do empregado no mes correspondente por 30 días e o seu resultado por 7,15 horas. O valor hora así obtido, multiplicarase polas realizadas en exceso.

O seu importe incrementarse cos recargos que procedan por nocturnidade, domingos e festivos"



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2024 10:16	Páxina 10 de 164
4675-1101	CSV: ADA2C4-A23HB1-AEA6E6-9WJG3H-72V374-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

4.2- Instrucións de plantilla municipal (acordo da Xunta de Goberno Local de data 20/09/2010, coas rectificacións do mesmo órgano de datas 11/10/2010 e 02/11/2010, e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de data 16/11/2010).

Establecen criterios para a xestión interna para as gratificacións por servizos extraordinarios realizados fóra da xornada normal de traballo na súa disposición cuarta, establecendo, entre outros apartados, a súa definición, a necesidade de autorización previa (salvo en supostos necesarios para previr ou reparar sinistros, situacións ou danos imprevistos de carácter urxente), informe xustificativo sobre a imposibilidade de compensar ditas horas en exceso con descanso, obriga de figurar saldo positivo no control horario, remisión para o cálculo do seu valor conforme ao disposto no Acordo regulador, etc...

Outra das previsións recollidas nas citadas Instrucións, é a prohibición de que o persoal dos grupos A1 e A2 poidan solicitar aboamento deste tipo de gratificacións, disposición que entendemos que carece de todo amparo normativo vixente hoxe en día, poidendo supoñer incluso unha vulneración do disposto nos artigos 14 da CE, artigo 14 apartados d) e i) do TREBEP, e artigo 71 apartados f) e l) da Lei 2/2015 de emprego público de Galicia, entre outros.

4.3 Estudio da organización, postos de traballo, réxime retributivo, eficiencia da prestación e condicións de seguridade e saúde no servizo de prevención e extinción de incendios e salvamento (SPEIS) do Concello de Vigo.

O citado estudio realizado pola adxudicataria do contrato ACONSELA, S.L, recolle na páxina 79 no referido ás gratificacións por servizos extraordinarios fora da xornada laboral:

"...las horas que se realicen por encima de la jornada laboral son horas extraordinarias, y han de ser compensadas o abonadas. No tiene sentido que una hora ordinaria tenga el mismo importe que la extraordinaria: a la negociación colectiva lo dejamos, pero 1,25 sobre la hora ordinaria es una buena fórmula tanto para compensar como para abonar".

Con respecto a esta concreta cuestión, non se achega máis fundamentación á proposta realizada.

5-Calculo utilizado actualmente pola Área de Recursos Humanos e Formación:

1-O cálculo do valor das gratificacións por servizos extraordinarios fóra da xornada normal, realízase actualmente segundo o disposto na Disposición transitoria Sexta, (regra terceira) do citado Acordo regulador, co matiz corrixido na sentenza núm. 217/2019 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 2 de Vigo no Procedemento Abreviado núm. 45/2019, confirmada pola sentenza núm. 303/2020 do TSXG, que resolveu o recurso de apelación 465/2019, introducíndose no seu cálculo o importe referido ás pagas extraordinarias, e tendo en conta a xornada actual de 7,5 horas (450 minutos).

A resultas do anterior, esta é a fórmula de cálculo do valor hora de traballo aplicado actualmente:

$$\frac{\text{Salario Base} + \text{Antigüedad} + \text{CE} + \text{CD} + \text{Propor. paga extr.}}{30 \text{ días}} = \text{resultado} \times \frac{60 \text{ min}}{450 \text{ min}}$$



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2024 10:16	Páxina 11 de 164
4675-1101	CSV: ADA2C4-A23HB1-AEA6E6-9WJG3H-72V374-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2- Dita formula de cálculo no pago das horas extras vén aplicándose no exceso de xornada realizado dende novembro de 2020, tanto para persoal funcionario como persoal laboral, pois o citado Acordo regulador é de aplicación para todos os traballadores e traballadoras integrantes no cadro de persoal, que contan coa mesma estrutura nas súas retribucións conforme ao recollido no artigo 20 do mesmo Acordo.

6-Resolucións xudiciais con pronunciamento sobre cálculo correcto deste tipo de gratificacións á vista das notas facilitadas por parte da Asesoría Xurídica:

O principal foco de debate e discusión nos distintos procedementos xudiciais referidos ao pago deste tipo de retribucións, céntrase actualmente en cuestionar a concreta fórmula de cálculo do Acordo Regulador, tal e como se viña aplicando ata o momento.

En este senso, podemos distinguir:

6.1. Sentenzas que confirman a fórmula:

a) Sentenza núm. 217/2019 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 2 de Vigo no P.A. núm. 45/2019, confirmada pola sentenza núm. 303/2020 do TSXG que resolveu o recurso de apelación 465/2019 (incluíndo o cómputo das pagas extras).

b) Sentenza núm. 174/2021 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 2 de Vigo, no P.A. núm. 320/2020.

c) Sentenza núm. 38/2021 ditada polo Xulgado do Social núm. 5 de Vigo no P.O. núm. 929/2018.

6.2. Sentenzas que introducen como base de cálculo do valor hora os días efectivamente traballados no mes e non os 30 días establecidos no Acordo Regulador, declarando aplicable a fórmula proposta polos demandantes, con total ausencia de motivación ao non quedar acreditando no procedemento que aquela é a que se vén utilizando no Concello, tal e como se afirma na demanda, citando a título de exemplo:

a) Sentenza núm. 839/2022 ditada polo TSXG no recurso de apelación promovido por contra a sentenza núm. 294/2021 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 de Vigo no P.A. 278/2021.

b) Sentenza núm. 650/2022, de 14 de setembro, ditada polo TSXG no recurso de apelación contra a sentenza núm. 294/2021 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 2 de Vigo no P.A. 295/2021.

c) No mesmo sentido, e en procedementos idénticos seguidos por persoal pertencente á Policía Local, as recentes Sentenzas do mesmo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia nº 190/2023, do 8 de marzo, nº 210/2023, do 15 de marzo, etc.

$$\frac{\text{Salario Base} + \text{Antigüidade} + \text{CE} + \text{CD} + \text{Propor. paga extr.}}{(\text{días efectivamente traballados no mes } 18 \text{ ou } 20)} = \text{resultado} \times 60 \text{ min,}$$

450 min

6.3 Sentenza que toma como referencia a 1642 horas anuais:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2024 10:16	Páxina 12 de 164
4675-1101	CSV: ADA2C4-A23HB1-AEA6E6-9WJG3H-72V374-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

a) Sentenza núm. 421/2022 ditada polo Xulgado do Social núm. 7 de Vigo no Procedemento Ordinario núm. 1015/2021, incongruente cos seus fundamentos xurídicos, xa que, ao tempo de declarar a aplicabilidade do acordo regulador, no fallo recoñece o dereito a percibir as contías reclamadas no escrito de aclaración da demanda, e que resultan da aplicación dunha fórmula distinta da contida no devandito acordo e nas Instrucións de plantilla, isto é:

- Salario mensual x 12 = resultado/1642 horas.

Ningunha destas sentenzas achega unha solución coherente fundada en dereito máis alá de simples correccións á xa prevista no Acordo regulador municipal."

A referida proposta se considera axeitada segundo consta no informe da Asesoría Xurídica Municipal referido no punto terceiro dos antecedentes de este informe. Elo a excepción da previsión de aplicar igual cálculo para a dedución de haberes que non ten carácter sancionador por existir un réxime legal aplicable nesta materia contido no artigo 36 - Modificación da Lei 30/1984- da Lei 31/1991, de 30 de decembro de Orzamentos Xerais do Estado para 1992.

II.- Limitacións das horas extraordinarias

En canto ao número de horas extraordinarias, indicar que segundo a Directiva 2003/88/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 4 de novembro de 2003, relativa a determinados aspectos da ordenación do tempo de traballo, a xornada máxima non debe exceder de "48 horas, incluídas las horas extraordinarias, por cada período de sete días". Elo derivado da normativa sobre prevención de riscos laborais, o que significa que nun momento puntual se pode traballar mais horas semanais, pero de promedio anual, non debe superarse o citado límite semanal.

Igualmente e de conformidade coa Directiva referida, é necesario garantir un período mínimo de descanso diario de 11 horas consecutivas no curso de cada período de 24 horas, e por cada período de sete días, un período mínimo de descanso ininterrompido de 24 horas, ás que se engadiran as 11 horas de descanso diario.

Pola súa banda o artigo 24 do TREBEP, no seu apartado d) establece que: "La cuantía y estructura de las retribuciones complementarias de los funcionarios se establecerán por las correspondientes leyes de cada Administración Pública atendiendo, entre otros, a los siguientes factores:

...
d) Los servicios extraordinarios prestados fuera de la jornada normal de trabajo."

Finalmente o artigo 6 do do RD 861/1986 dedicado ás gratificacións establece que: "1. Corresponde al Pleno de la Corporación determinar en el presupuesto la cantidad global destinada a la asignación de gratificaciones a los funcionarios dentro de los límites máximos señalados en el artículo 7.2, c), de este Real Decreto.

2. Corresponde al Alcalde o Presidente de la Corporación la asignación individual, con sujeción a los criterios que, en su caso, haya establecido el Pleno, sin perjuicio de las delegaciones que pueda conferir conforme a lo establecido en la Ley 7/1985, de 2 de abril.

3. Las gratificaciones, que en ningún caso podrán ser fijas en su cuantía ni periódicas en su devengo, habrán de responder a servicios extraordinarios realizados fuera de la jornada normal de trabajo."



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2024 10:16	Páxina 13 de 164
4675-1101	CSV: ADA2C4-A23HB1-AEA6E6-9WJG3H-72V374-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Dende unha perspectiva económica, o artigo 7 establece un límite global ao importe dos créditos que, para o caso das gratificacións é o máximo do 10% do resultado de "restar a la masa retributiva global presupuestada para cada ejercicio económico, excluida la referida al personal laboral, la suma de las cantidades que al personal funcionario le correspondan por los conceptos de retribuciones básicas, ayuda familiar y complemento de destino."

No ámbito laboral o artigo 35 do TRET establece que: "1. Tendrán la consideración de horas extraordinarias aquellas horas de trabajo que se realicen sobre la duración máxima de la jornada ordinaria de trabajo, fijada de acuerdo con el artículo anterior. Mediante convenio colectivo o, en su defecto, contrato individual, se optará entre abonar las horas extraordinarias en la cuantía que se fije, que en ningún caso podrá ser inferior al valor de la hora ordinaria, o compensarlas por tiempos equivalentes de descanso retribuido. En ausencia de pacto al respecto, se entenderá que las horas extraordinarias realizadas deberán ser compensadas mediante descanso dentro de los cuatro meses siguientes a su realización.

2. El número de horas extraordinarias no podrá ser superior a ochenta al año, salvo lo previsto en el apartado 3. Para los trabajadores que por la modalidad o duración de su contrato realizasen una jornada en cómputo anual inferior a la jornada general en la empresa, el número máximo anual de horas extraordinarias se reducirá en la misma proporción que exista entre tales jornadas.

A los efectos de lo dispuesto en el párrafo anterior, no se computarán las horas extraordinarias que hayan sido compensadas mediante descanso dentro de los cuatro meses siguientes a su realización.

El Gobierno podrá suprimir o reducir el número máximo de horas extraordinarias por tiempo determinado, con carácter general o para ciertas ramas de actividad o ámbitos territoriales, para incrementar las oportunidades de colocación de los trabajadores en situación de desempleo.

3. No se tendrá en cuenta, a efectos de la duración máxima de la jornada ordinaria laboral, ni para el cómputo del número máximo de las horas extraordinarias autorizadas, el exceso de las trabajadas para prevenir o reparar siniestros y otros daños extraordinarios y urgentes, sin perjuicio de su compensación como horas extraordinarias.

4. La prestación de trabajo en horas extraordinarias será voluntaria, salvo que su realización se haya pactado en convenio colectivo o contrato individual de trabajo, dentro de los límites del apartado 2.

5. A efectos del cómputo de horas extraordinarias, la jornada de cada trabajador se registrará día a día y se totalizará en el periodo fijado para el abono de las retribuciones, entregando copia del resumen al trabajador en el recibo correspondiente."

Conforme prevén os artigos 35.2 e 35.3 do TRET, como máximo se poden realizar 80 horas extraordinarias ao ano, sin contar as horas extra por forza maior ou as compensadas mediante descanso dentro dos catro meses posteriores a súa realización. A violación de este límite está tipificada como infracción empresarial grave polo artigo 7.5 da LISOS e sancionada con multa en su grado mínimo, de 751 a 1.500 euros, en su grado medio de 1.501 a 3.750 euros; y en su grado máximo de 3.751 a 7.500 euros. (artigo 40.1.b)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2024 10:16	Páxina 14 de 164
4675-1101	CSV: ADA2C4-A23HB1-AEA6E6-9WJG3H-72V374-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

El TRET garda silencio en relación a un número de horas extraordinarias al mes, pero en todo caso haberá que respectar os tempos de descanso establecidos, como pode ser as 12 horas de descanso entre xornadas ou o descanso mínimo semanal, acumulable por períodos de ata catorce días, de día e medio ininterrompido que, como regra xeneral, comprenderá a tarde do sábado ou, no seu caso, a mañá do luns e o día completo do domingo.

III.- Consideracións xerais relativas á modificación do Acordo/Convenio regulador.-

O dereito individual exercido colectivamente á negociación colectiva e á participación na determinación das condicións de traballo está recollido no artigo 15 b) do TREBEP, atribuíndoo a todas as persoas empregadas públicas. O artigo 31 establece os principios xerais.

Para a concreción procedimental de este dereito hai que acudir, para o persoal funcionario aos artigos 33 e ss do TREBEP e para o persoal laboral ao artigo 32 de TREBEP, e dada a remisión que establece este último precepto á lexislación laboral. Esta última se recolle fundamentalmente no artigo 82 e ss do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores. (TRET).

Sobre a posibilidade de modificación do convenio colectivo, o artigo 86.1 do RDL 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, dispón que: “1. Corresponde a las partes negociadoras establecer la duración de los convenios, pudiendo eventualmente pactarse distintos periodos de vigencia para cada materia o grupo homogéneo de materias dentro del mismo convenio.

Durante la vigencia del convenio colectivo, los sujetos que reúnan los requisitos de legitimación previstos en los artículos 87 y 88 podrán negociar su revisión.”

As modificacións requirirán dos mesmos requisitos de tramitación que o Acordo-Convenio que se modifica. Así, a Sentenza do TS de 15 de setembro de 2010 establece que: “Es verdad que esta Sala (...) han admitido la posibilidad de que se modifique un convenio colectivo antes de que concluya el plazo de vigencia establecido, si tal modificación se lleva a cabo mediante un convenio colectivo posterior (...). Pero es indiscutible que tal modificación no puede llevarse a cabo por medio de un simple pacto colectivo posterior, aunque en él intervengan todos los representantes patronales y de los trabajadores que hubiesen constituido la mesa negociadora del pertinente convenio colectivo. La modificación de un convenio colectivo estatutario sólo puede llevarse a efecto por medio de otro convenio colectivo estatutario. Y el simple pacto colectivo no tiene esta condición, aunque en él intervengan todas las representaciones referidas. Y no tiene esta condición dado que el establecimiento y aprobación de un convenio colectivo regular en nuestro país exige el cumplimiento de una serie rigurosa de requisitos y trámites, desde la constitución de la mesa negociadora mediante las formalidades que ordena el art. 89-1 del ET, y con estricto acatamiento a los mandatos de los arts. 87 y 88, hasta la publicación del convenio en el Boletín Oficial correspondiente como impone el art. 90-3, pasando entre aquel inicio y este final por todos los hitos y trámites que prevén los restantes números de los arts. 88, 89 y 90. Y es obvio que para que pueda producirse con plena licitud y efectividad la modificación anticipada de un convenio colectivo, es de todo punto necesario que el nuevo hubiese seguido con exactitud todos estos mandatos y exigencias, puesto que si no se hizo así, el nuevo pacto no es un convenio colectivo estatutario, y por ello carece de vigor para alterar o modificar el convenio precedente. La única particularidad que presenta este es-



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2024 10:16	Páxina 15 de 164
4675-1101	CSV: ADA2C4-A23HB1-AEA6E6-9WJG3H-72V374-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

pecial « convenio colectivo de vigencia anticipada » es el hecho de que, por mutuo acuerdo de los interesados, se decide que el mismo entre en vigor antes de que haya concluido el plazo de vigencia que en principio señaló el convenio anterior; pero, repetidos, las demás condiciones y exigencias de los convenios colectivos estatutarios las tiene que acatar y cumplir inexorablemente, so pena de perder la fuerza vinculante de carácter normativo que es propia de esta clase de convenios.”

PROCEDEMENTO

Estando recollida a fórmula de cálculo do valor hora nun instrumento de negociación colectiva súa modificación debe seguir a mesma tramitación que a súa aprobación.

Calquera modificación que se pretenda levar a efecto durante a vixencia do convenio va a requirir unha nova aprobación do mesmo, tanto das cláusulas que se modifican como das que non, polo que deberá comprender o texto íntegro coas modificacións introducidas, requiríndose para súa aprobación a mesma tramitación que a do convenio e/ou acordo anterior.

Para a validez e entrada en vigor, debe ser aprobado polo órgano competente (neste caso, polo pleno do Concello), e os pasos que deben darse para chegar a tal culminación pasan pola normativa que os regula, neste caso, por unha parte, polo disposto nos artigos 86 y 90 do TRET respecto de súa vixencia, validez e entrada en vigor, e, por outra, polas disposicións del TREBEP, artigos 31 e ss.

SOMETEMENTO A NEGOCIACIÓN COLECTIVA DA PROPOSTA

De conformidade co art. 37 do TREBEP, o documento da RPT e as súas modificacións deben ser obxecto de negociación. Así o art. 37.1.c) inclúe entre as materias obxecto de negociación “as normas que fixen os criterios xerais en materia de acceso, carreira, provisión, sistemas de clasificación de postos de traballo e plans e instrumentos de planificación de recursos humanos”. Pola súa parte, o apartado 2.c) deste precepto incide na necesidade de sometemento a negociación colectiva das decisións das Administracións Públicas que afecten ás potestades de organización cando as consecuencias delas teñan repercusión sobre condicións de traballo dos funcionarios públicos.

Consta certificado de data 02/09/2024 da MXN segundo o cal a mesa común de negociación para o persoal funcionario e laboral do Concello de Vigo, na súa sesión ordinaria do 31 de xullo de 2024, adoptou por unanimidade da representación sindical o acordo de proposta de revisión da fórmula de cálculo das gratificacións por servizos extraordinarios.

Así consta que tralo debate sométese a votación a seguinte proposta coa modificación da fórmula proposta segundo as consideracións formuladas pola Intervención Municipal:

	Retribucións básicas + CD (importe anual) + CE (importe anual)
Valor hora ordinaria normal =	Xornada de traballo en cómputo anual (1.642 como regra xeral)

SOMETEMENTO A FISCALIZACIÓN PREVIA

Con carácter previo á aprobación do Convenio e o Acordo regulador, e dado que ten repercusións económicas, debe elaborarse someterse a fiscalización pola Intervención



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2024 10:16	Páxina 16 de 164
4675-1101	CSV: ADA2C4-A23HB1-AEA6E6-9WJG3H-72V374-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Municipal, de conformidade co disposto na lexislación reguladora sobre facendas locais (artigos 213 a 223) e control financeiro permanente de acordo co disposto no artigo 32.1 letra a) do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.

ENTRADA EN VIGOR

Respecto da entrada en vigor da nova fórmula, consta informe do Tesoureiro Municipal segundo o cal:

“Antecedentes de aplicación do cálculo

A partires da modificación da xornada a 7,5 horas diarias, aplícase a fórmula seguinte:

$$[(\text{Salario Base} + \text{Antigüidade} + \text{CD} + \text{CE})/30]*60/450$$

En execución de sentenzas, pasouse a aplicar a fórmula seguinte:

$$[(\text{Salario Base} + \text{Antigüidade} + \text{CD} + \text{CE} + \text{prorrata de pagas extras})/30]*60/450$$

Sentenzas que introducen como base de cálculo do valor hora os días efectivamente traballados no mes e non os 30 días establecidos no Acordo Regulador, o que implicaría unha valoración en termos de xornada ano.

$$\text{Básicas} + \text{antigüidade} + \text{CD} + \text{CE} + \text{prorrata. Paga extra}/1642$$

Sistema de cálculo proposto

A solicitude de informe, ten por obxecto fixar unha data de entrada en vigor da fórmula que se aprobe aos efectos de minimizar os problemas técnicos que xurdan da súa aplicación.

O sistema de cálculo faise pola aplicación Gimpix, e so pode existir en cada momento unha fórmula, por esta razón, de carácter técnico, a entrada en vigor debe coincidir cun ano natural, por esta razón, a fórmula pode entrar en vigor con carácter retroactivo a 1 de xaneiro do ano 2024 o ao 1 de xaneiro do ano 2025.

Si o acordo entra en vigor con carácter retroactivo a 1 de xaneiro do ano 2024, habería que revisar os pagos feitos até a data, e revisar igualmente as propostas dos expedientes en trámite.

Situación actual

Si se adoptase o acordo con aplicación retroactiva ao 1 de xaneiro do ano 2024, a situación é a seguinte:

Número de minutos tramitados e pagados até a data: 225.407 minutos.

Contía dos pagos : 54.081,39 euros.

Valor medio do minuto tendo en conta a fórmula de aplicación vixente: 0,2399 euros/minuto, 14,39 euros/hora.

Importe que correspondería aos expedientes tramitados coa aplicación da fórmula tendo en conta a xornada anual de 1.642 horas: 89.481,21 euros.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2024 10:16	Páxina 17 de 164
4675-1101	CSV: ADA2C4-A23HB1-AEA6E6-9WJG3H-72V374-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Valor medio do minuto tendo en conta a NOVA fórmula de aplicación: 0,3970 euros/minuto, 23,82 euros/hora.

Incremento medio do custe hora por aplicación do novo sistema de cálculo: 65,53%.

Atrasos a pagar polos expedientes tramitados aprobados e pagados a esta data: 35.399,82 euros.

Número de empregados que terían dereito a unha liquidación de atrasos: 177

Numero de expedientes tramitados: 11

números

(44042/44110/44111/44118/44262/44263/44654/44655/44695/44880/44928/220).

Se a data de entrada en vigor se difire ao 1 de xaneiro do ano 2025, non habería que tramitar axustes, aínda que é moi probable que se estivese abrindo a posibilidade de crear unha litixiosidade sobre os dereitos dos traballadores á xurisdición contencioso administrativo, sobre todo tendo en conta a última liña doutrinal en relación con este asunto.

En relación coa tramitación dos atrasos, non presentaría un gran problema, xa que se ten estudado xa o sistema de cálculo e elaborada a folla excell que permitiría a cuantificación.

Non obstante, habería que limitar a tramitación de novos expedientes ata a entrada en vigor do novo sistema de cálculo para non dimensionar máis o problema.

Así mesmo, para os expedientes en trámite, habería que volver a solicitar o cálculo coa nova fórmula, xa que os informes emitidos están coa aplicación da fórmula:

$$[(\text{Salario Base} + \text{Antigüidade} + \text{CD} + \text{CE} + \text{prorrata de pagas extras})/30] * 60/450$$

De adoptar o acordo con carácter retroactivo, unha vez que sexa adoptado, a Área de RRHH e Formación, deberá solicitar o pagamento das diferencias de cálculo feitas coa fórmula vixente no tempo de tramitación e coa aprobada que afecta aos 11 expedientes relacionados.

Ademais, deberá volver a solicitar a valoración coa nova fórmula de todos os expedientes que xa foron informados polo servizo de nóminas.

Aos efectos puramente informativos, no ano 2023, o gasto executado por servizos extraordinarios foi por unha contía de 617.558,96 euros. De manterse unha contía de gasto similar, o custe polos mesmos servizos extraordinarios coa aplicación da nova fórmula de cálculo será aproximadamente de 1.022.245,35 euros.

Conclusión

Se non hai limitacións xurídicas ao respecto, consideramos que o acordo que se adopte sobre a NOVA forma de valoración dos servizos extraordinarios fora da xornada ordinaria, é posible a aplicación con carácter retroactivo ao 1 de xaneiro do 2024, existindo crédito suficiente para facer fronte á liquidación dos atrasos e estando técnicaamente valorada a situación, sendo a súa vez asumible.

En canto á viabilidade xurídica, e a salvo de mellor criterio, dar retroactivade á modificación do Convenio/Acordo regulador, é posible xa que respeta os límites legais e os principios xerais do



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2024 10:16	Páxina 18 de 164
4675-1101	CSV: ADA2C4-A23HB1-AEA6E6-9WJG3H-72V374-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

dereito, como o principio de irretroactividade das normas non favorables ou restrictivas de dereitos individuais.

ÓRGANO COMPETENTE

O vixente Convenio/Acordo Regulador, foi aprobado polo Pleno do Concello de Vigo en sesión de 28 de decembro de 1998, polo que será tamén o órgano competente para modificalo (artigo 123.1.d LBRL).

.../...»

Deseguido as funcionarias informantes emiten a proposta que figura na parte dispositiva deste acordo.

Con data 16 de setembro o Interventor Xeral fiscaliza favorablemente o expediente.

DITAME: Na Comisión Informativa de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, de data 23 de setembro, ditaminase favorablemente dita proposta.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e tres membros presentes (23) da Corporación, dos vinte e sete (27) que constitúen o seu número legal de dereito e feito, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

1.- Aprobar inicialmente a proposta de revisión do “Acordo regulador de condicións económicas e sociais dos funcionarios do Concello de Vigo” (Disposición Transitoria Sétima, regra terceira, segundo parágrafo), así como o texto do “Convenio colectivo dos empregados integrados no cadro de persoal do Concello de Vigo” (Disposición Transitoria Sexta, regra terceira, segundo parágrafo) nos termos do presente informe, en relación á fórmula de cálculo das gratificacións por servizos extraordinarios resultando o cálculo de dividir o importe anual total de retribucións, entre as horas realizadas anualmente (1642, actualmente).

A fórmula de cálculo será a seguinte:

Valor hora ordinaria normal =	$\frac{\text{Retribucións básicas + CD (importe anual) + CE (importe anual)}}{\text{Xornada de traballo en cómputo anual (1.642 como regra xeral)}}$
-------------------------------	------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

2.- Para garantir unha aplicación obxectiva e eficaz na súa tramitación, será aplicable indistintamente tanto para o persoal funcionario como para o persoal laboral, tal e como se veu equiparando ata o momento coa aplicación do Acordo/Convenio Regulador e as Instrucións de Plantilla de 2010, sen distinción entre os distintos servizos municipais (incluídos os servizos de Prevención e Extinción de Incendios e Policía Local) e para todos os grupos e subgrupos de persoal.

3.- A nova forma de valoración dos servizos extraordinarios fora da xornada ordinaria, se aplicará con carácter retroactivo ás horas extras realizadas dende o 1 de xaneiro do 2024.

4.- Deberá observarse a regulación específica e aquelas limitacións recollidas na normativa aplicable a cada grupo de persoal, en especial a limitación das 80 horas anuais para o persoal laboral, a imposibilidade de substituír a retribución das gratificacións do persoal funcionario por tempo de descanso (máis alá da flexibilidade permitida no



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2024 10:16	Páxina 19 de 164
4675-1101	CSV: ADA2C4-A23HB1-AEA6E6-9WJG3H-72V374-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

cumprimento da xornada) e para todos os empregados municipais a Directiva 2003/88/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 4 de novembro de 2003, relativa a determinados aspectos da ordenación do tempo de traballo, a xornada máxima non debe exceder de “48 horas, incluídas las horas extraordinarias, por cada período de sete días”.

Ase mesmo é necesario garantir un período mínimo de descanso diario de 11 horas consecutivas no curso de cada período de 24 horas, e por cada período de sete días, un período mínimo de descanso ininterrompido de 24 horas, ás que se engadiran as 11 horas de descanso diario, salvo as excepcións contempladas na normativa e acordos dos órganos competentes que respecten a mesma.

5.- As gratificacións para o seu axuste ao réxime retributivo previsto no TREBEP, deben configurarse sen distinción do grupo funcional.

6.- Estas gratificacións en ningún caso poderán ser fixas na súa contía nin periódicas no seu devengo, e tan só precederá a tramitación do seu pago cando se acredite o estrito cumprimento da xornada establecida, debendo figurar saldo positivo no control horario do persoal solicitante. Esta acreditación será responsabilidade das respectivas xefaturas no momento de realizar as oportunas solicitudes, sen prexuízo do control posterior por parte da Área de Recursos Humanos e Formación.

7.- Dispoñer a publicación do presente acordo no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra, aos efectos de cumprimentar o período de información pública e audiencia aos interesados por un prazo mínimo de 30 días contemplado no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

3.(165). DAR CONTA DAS LIÑAS FUNDAMENTAIS DO ORZAMENTO DO 2025. EXPTE. 91/142. (EXPTE. PLENO 4582/1101).

ANTECEDENTES.- Dase conta da Resolución da Alcaldía, de data 20 de agosto de 2024, que di o que segue,

«De acordo co ordenado mediante Resolución de Alcaldía-Presidentencia da data da sinatura electrónica de 23 de xullo de 2024, e en execución das competencias delegadas en materia de Orzamentos e FacendaDelegación da área, Resolución da Alcaldía de 20 de xuño de 2023, publicada no BOPPO nº 123 de 27 de xuño, Delegación específica do 29 de xuño de 2023, publicada no BOPPO nº 136 do 14 de xullo de 2023 e Delegación da Xunta de Goberno Local de 22 de xuño de 2023, publicada no BOPPO nº 129 do 5 de xullo de 2023, fórmulase proposta de aprobación das Liña Fundamentais do Orzamento para o ano 2025.

Antecedentes de feito

PRIMEIRO. Ao ser rexeitado polo Congreso en sesión do 23 de xullo de 2024 o acordo do Consello de Ministros de 16 de xullo, aos efectos das regras fiscais, ten carácter vinculante os obxectivos de estabilidade orzamentaria establecidos para o Subsector Local na Actualización do Programa de Estabilidade 2023-2026, de 28 de abril de 2023, valorado favorablemente polo Consello Obxectivo de Regras Fiscais 2025.

Estabilidade

Sector público	2024	2025	2026
Subsector local	0,20%	0,10%	0,20%



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2024 10:16	Páxina 20 de 164
4675-1101	CSV: ADA2C4-A23HB1-AEA6E6-9WJG3H-72V374-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Conxunto das AAPP	-3,00%	-2,70%	-2,50%
Capacidade/necesidade de financiamento, SEC-2010, % do PIB			

Nova senda aprobada polo Consello de Ministros o 16/07/2024, rexeitada polo Congreso o 23 de xullo.

	2025	2026	2027
Subsector local	0,00%	0,00%	0,00%

Regra de gasto

	2024	2025	2026
Regra de gasto para o conxunto das AAP	2,60%	2,70%	2,80%

Nova senda aprobada polo Consello de Ministros o 16/07/2024, rexeitada polo Congreso o 23 de xullo.

	2025	2026	2027
Regra de gasto para o conxunto das AAP	3,20%	3,30%	3,40%

Endebedamento

Sector público	2024	2025	2026
Subsector local	1,40%	1,30%	1,30%
Conxunto das AAPP	106,30%	105,40%	104,40%
Débeda segundo o Protocolo de Déficit Excesivo, % do PIB			

Nova senda aprobada polo Consello de Ministros o 16/07/2024, rexeitada polo Congreso o 23 de xullo.

	2025	2026	2027
Subsector local	1,30%	1,30%	1,20%

SEGUNDO. Con data 15 de xullo de 2024, creouse o expediente, con data 23 de xullo de 2024, a Alcaldía Presidencia resolve sobre o inicio do procedemento para a formación e aprobación das Liñas Fundamentais do Orzamento para o ano 2025.

TERCEIRO. Elaboráronse as preceptivas directrices para a formación das Liñas Fundamentais do Orzamento, asinadas pola Concellería Delegada de Orzamentos e Facenda o 12 de agosto de 2024.

CUARTO. Pola Intervención Xeral e polo Tesoureiro-Director superior contable e orzamentario, emitiuse informe ao respecto, previo cálculo segundo as directrices, do Orzamento previsto en termos aproximados para o ano 2025, engadindo a previsión de liquidación do orzamento do ano 2024, que será enviada ao Ministerio de Facenda.

Lexislación aplicable

A Directiva 2011/85/UE do Consello de 8 de novembro de 2011, sobre os requisitos aplicables aos marcos orzamentarios dos Estados Membros.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2024 10:16	Páxina 21 de 164
4675-1101	CSV: ADA2C4-A23HB1-AEA6E6-9WJG3H-72V374-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O artigo 27 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de Abril, de Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Os artigos 4, 5, 6 e 15 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

O artigo 168.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Regulamento (UE) nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea.

Regulamento (CE) nº 1466/97 do Consello de 7 de xullo de 1997, relativo ao reforzamento da supervisión das situacións orzamentarias e á supervisión e coordinación das políticas económicas, coa modificación operada polo Regulamento 1175/2011, de 16 de novembro, do Parlamento e do Consello.

Guía do Ministerio de Facenda e Función Pública.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación polo Alcalde de conformidade co establecido no artigo 168.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Por iso, de conformidade co previsto no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, fórmulase a seguinte proposta de Resolución:

Proposta de Resolución

PRIMEIRO. Aprobar as Liñas Fundamentais do Orzamento elaboradas por esta Entidade Local para o perímetro de consolidación nos termos do SEC 2010, que servirán de base para a elaboración do Orzamento do ano 2025, en formación.

Estado de gastos consolidado, grupo Concello de Vigo: (Entidade Local, Xerencia Municipal de Urbanismo e Fundacións Marco e Convention Bureau).

Nos estados de gastos e ingresos xa se están a considerar as achegas de financiamento que está a facer a Entidade Matriz ao Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo e as Fundacións que forman parte do perímetro de consolidación.

Quedan incorporados os axustes de consolidación correspondentes ao Grupo, cuxa contía e detalle queda reflectida na táboa que se achega.

Estado de gastos consolidado (Entidade Local, XMU, Fundación Marco e Convention Bureau).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2024 10:16	Páxina 22 de 164
4675-1101	CSV: ADA2C4-A23HB1-AEA6E6-9WJG3H-72V374-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

		2024		
				Estim ado
Capítulo	Créd. iniciais	Créd. definitivos	%	Obl.Re coñecidas
1	83.801.122,95	84.411.935,80		69.819.404,47
2	159.889.722,36	181.006.669,38		169.302.646,98
3	51.780,00	51.780,00		49.253,50
4	31.928.535,66	38.157.513,18		35.893.137,52
5	600.000,00	600.000,00		,00
G. Corrente NF	276.271.160,97	304.227.898,36		275.064.442,46
6	37.429.215,13	84.448.524,02		39.233.726,64
7	2.828.046,62	8.012.115,42		2.845.161,21
G. capital NF	40.257.261,75	92.460.639,44		42.078.887,85
G. Non Financ.	316.528.422,72	396.688.537,80		317.143.330,31
8	532.000,00	532.000,00		399.000,00
Total	317.060.422,72	397.220.537,80		317.542.330,31

2025	Variación 25/24
86.703.986,35	3,46%
162.216.603,23	1,46%
51.780,00	0,00%
33.514.350,46	4,97%
600.000,00	0,00%
283.086.720,04	2,47%
45.434.379,62	21,39%
3.899.089,04	37,87%
49.333.468,66	22,55%
332.420.188,70	332.420.188,70
532.000,00	
332.952.188,70	

Axustes de Consolidación

Aplicación	Institución	Importe
1510.4100000	Transferencia de financiamento á XMU	6.155.000,00
3330.4890003	Transferencia de financiamento á FUNDACIÓN MARCO	750.000,00
4320.4890000	FUNDACIÓN CONVENTIUN BUREAO	225.000,00
Total		7.130.000,00

Estado de gastos consolidado (Entidade Local, XMU, Fundación Marco e Convention Bureau).

		2024		
				Estim ado
Capítulo	Créd. iniciais	Créd. definitivos	%	Der. Rcoñecidos
1	117.410.785,66	117.410.785,66	100,00%	117.410.785,66
2	10.922.786,87	10.922.786,87	100,00%	10.847.062,67
3	44.766.937,87	44.766.937,87	105,00%	46.378.993,25
4	124.184.305,57	128.209.844,44	98,00%	129.488.667,25
5	5.809.000,00	5.864.000,00	100,00%	5.841.000,00
I. Corrente NF	303.093.815,97	307.174.354,84		309.966.508,83
6	,00	,00		,00
7	11.299.518,96	14.822.618,96	80,00%	14.683.380,19
I. capital NF	11.299.518,96	14.822.618,96	99,06%	14.683.380,19
Total I. NF	314.393.334,93	321.996.973,80	100,82%	324.649.889,02
8	2.667.087,79	75.223.564,00	75,00%	399.000,00
Total	317.060.422,72	397.220.537,80	81,83%	325.048.889,02

2025	Variación 25/24
122.496.937,00	4,33%
11.890.366,48	8,86%
46.041.989,10	2,85%
122.964.842,59	-0,98%
5.759.000,00	-0,86%
309.153.135,17	2,00%
20.948.553,53	85,39%
20.948.553,53	85,39%
330.101.688,70	330.101.688,70
2.850.500,00	
332.952.188,70	

Desagregación capítulo 1 e 2 do estado de ingresos.



Concepto	2024	
IBI	71.603.000,00	71.603.000,00
BICI	2.970.000,00	2.970.000,00
IAE	13.961.000,00	13.961.000,00
IVTM	15.325.630,00	15.325.630,00
IIVTNU	5.400.000,00	5.400.000,00
ICIO	2.901.000,00	3.100.000,00
irpf +ive+iiee	16.172.942,53	15.898.218,33
Suma	128.333.572,53	128.257.848,33
FCF+Liq	104.712.243,60	104.752.571,00

2025	
	74.767.080,00
	77.856,00
	14.441.000,00
	15.367.391,00
	5.400.000,00
	3.201.000,00
	18.121.832,48
	131.376.159,48
	104.669.743,71

Capacidade/Necesidade de financiamento e Débeda viva

Capítulos	D.Axustados	Obrigas	2024 Sper ávit/dé ficit
1	115.843.303,47	69.819.404,47	
2	10.860.647,86	169.302.646,98	
3	44.636.389,53	49.253,50	
4	129.488.667,25	35.893.137,52	
5	5.841.000,00	0,00	
O.correntes N.F	306.670.008,11	275.064.442,46	31.605.565,65
6	0,00	39.233.726,64	
7	14.683.380,19	2.845.161,21	
Op. Capital N.F	14.683.380,19	42.078.887,85	-27.395.507,66
O.N.financieiras	321.353.388,30	317.143.330,31	4.210.057,99
	Axuste CN, PTE		163.337,25
	Axuste CN, liquidación 2020		2.987.006,20
	Axustes polos FMRR		-4.000.000,00
	Axuste RLT Xerencia		2.000.000,00
Capacidade de financiamento			5.360.401,44

2025	
Ingre sos	Gastos
122.496.937,00	86.703.986,35
11.890.366,48	162.216.603,23
46.041.989,10	51.780,00
122.964.842,59	33.514.350,46
5.759.000,00	600.000,00
309.153.135,17	283.086.720,04
0,00	45.434.379,62
20.948.553,53	3.899.089,04
20.948.553,53	49.333.468,66
330.101.688,70	332.420.188,70
Axuste FMRR	-2.318.500,00
	330.101.688,70

(F199-G204) ,00

Regla de Gasto

REGRA DE GASTO 2024 **2,60%** TRCPIB

Grupo	GNF2023	Límite GNF	GNF executado.P	Axustes, incluíndo os de consolidación e as medidas normativas permanentes, Δ do 4% nas OF							GNF axustado
				F.Europeos	A.Central	CA	Deputación	Outros	Consolidac.	Axuste recad.	
Concello	256.652.344,05	263.325.305,00	311.867.380,30	9.689.042,00	6.402.186,00	12.652.072,00	5.383.697,00	827.015,00	6.929.863,00	5.418.551,19	264.564.954,11
XMU	7.803.471,04	8.006.361,29	10.897.642,86	2.948.061,00	776.384,00	415.930,00					6.757.267,86
MARCO	1.166.645,10	1.196.977,87	1.019.168,12								1.019.168,12
C.BUREAU	700.933,60	719.157,87	489.139,04								489.139,04
	266.323.393,79	273.247.802,03	324.273.330,31	12.637.103,00	7.178.570,00	13.068.002,00	5.383.697,00	827.015,00	6.929.863,00	5.418.551,19	272.830.529,12

REGRA DE GASTO 2025 **2,70%** TRCPIB

GNF/2024	TRCPIB	Incr.perm ant.re c	Total Limite/2025	GNF/2025	Inex ecucion	T.financiacion	A.Consolidacion	Axust.AC	Axust.CA	Axus t.De put.	IT/2025 axustado
264.564.954,11	271.708.207,87	5.635.293,24	277.343.501,11	326.177.227,20	-15.246.035,59	-845.000,00	-7.130.000,00	-8.447.600,77	-11.976.553,00	-10.823.688,11	271.708.349,73
6.757.267,86	6.939.714,09	,00	6.939.714,09	11.778.461,50							11.778.461,50
1.019.168,12	1.046.685,65	,00	1.046.685,65	1.067.000,00							1.067.000,00
489.139,04	502.345,79	,00	502.345,79	527.500,00							527.500,00
272.830.529,12	280.196.953,41	5.635.293,24	285.832.246,65	339.550.188,70	-15.246.035,59	-845.000,00	-7.130.000,00	-8.447.600,77	-11.976.553,00	-10.823.688,11	285.081.311,23



Copia do documento - Concello de Vigo Data impresión: 08/11/2024 10:16 Páxina 24 de 164
 4675-1101 CSV: ADA2C4-A23HB1-AEA6E6-9WJG3H-72V374-FD
 Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

SEGUNDO. Remitir as Liñas Fundamentais do Orzamento do Grupo Concello de Vigo ao Ministerio de Facenda polos medios telemáticos habilitados ao efecto antes das 24 horas do día 14 de setembro de 2024.

TERCEIRO. Dar conta da Resolución ao Pleno da Corporación, remitindo o expediente completo.

CUARTO. Notificar ao Sr. Interventor aos efectos de asinar a remisión.»

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria de data 23.09.2023, queda informada.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta .

ACORDO.

O Pleno da Corporación queda enterado das Liñas Fundamentais do Orzamento do 2025.

4.(166). MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL XERAL. EXPTE. 3180/500. (EXPTE. PLENO 4583/1101).

(*).- De acordo co sinalado no art. 51, parágrafo segundo, do Regulamento Orgánico do Pleno da Corporación, o Sr. Pardo Espiñeira, Presidente da sesión, indica que o debate dos puntos 4 a 14 da acta da sesión se realizará de forma conxunta e a súa votación será por separado.

ANTECEDENTES.- Con data 30 de xullo do 2024, a directora de Ingresos e Xestión Catastral conformado polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, emite o seguinte informe proposta,

«1. MARCO NORMATIVO DE APLICACIÓN.

- Constitución española de 27 de decembro de 1978
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (en adiante, TRLRFL)
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (en adiante, LXT), modificada pola Lei 13/2023, do 24 de maio, en transposición da Directiva (UE) 2021/514 do Consello de 22 de marzo de 2021, pola que se modifica a Directiva 2011/16/UE relativa á cooperación administrativa no ámbito da fiscalidade e outras normas tributarias (en adiante, Lei 13/2023)
- Real Decreto 117/2024, do 30 de xaneiro, polo que se desenvolven as normas e os procedementos de dilixencia debida no ámbito do intercambio automático obrigatorio e se modifican o Real Decreto 1065/2007, do 27 de xullo, en transposición da Directiva (UE) 2021/514 do Consello de 22 de marzo de 2021 pola que se modifica a Directiva 2011/16/UE relativa á cooperación administrativa no ámbito da fiscalidade e outras normas tributarias
- Real Decreto 939/205 do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, (en adiante, RXR)
- Real Decreto 1065/2007, do 27 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (en adiante, LPAC)
- RD 203/2021 de 30 de marzo polo que se aproba o Regulamento da actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2024 10:16	Páxina 25 de 164
4675-1101	CSV: ADA2C4-A23HB1-AEA6E6-9WJG3H-72V374-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno (artigos 7.c e d)
- Regulamento UE 2016/679 do 27 de abril do Parlamento Europeo e do Consello e Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais

2. ANTECEDENTES DE FEITO.

Primeiro.- Mediante Acordo plenario de data 25 de setembro de 2023 aprobouse a modificación de determinados artigos da presente Ordenanza Fiscal Xeral.

Segundo.- O Sr. Concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda ditou orde de inicio de expediente de modificación en data 26 de xullo de 2024.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS.

I.- Para a aplicación dos tributos, a administración municipal ten que rexerse pola normativa propia de cada tributo, pero tamén ten que seguir as normas de xestión, liquidación, inspección, recadación e revisión establecidas no marco normativo de aplicación e desenvolvidas nesta Ordenanza fiscal xeral.

A través da Ordenanza Fiscal Xeral, o Concello de Vigo adapta a normativa tributaria ao réxime de organización e funcionamento interno propio, tal e como establece o artigo 12.2 do TRLRFL.

II.- Procede a modificación do artigo 65.1c) relativo ao procedemento de comprobación limitada, co fin de harmonizar a súa redacción ao contido do artigo 136.c) da LXT, trala modificación realizada na LXT pola Lei 13/2023. Con esta modificación e en aras de mellorar a efectividade deste tipo de procedementos, se recoñece a facultade da Administración tributaria de comprobar a contabilidade mercantil, aos sos efectos de constatar a coincidencia entre o que figure na mesma e a información que obre en poder da Administración.

III.- Efectúanse as oportunas adaptacións propostas pola Recadación Municipal no artigo 73 (que regula a poxa de bens), co fin de adecuar o contido deste precepto ás modificacións operadas no Regulamento xeral de recadación polo Real Decreto 117/2024, de 30 de enero. En concreto, cómpre realizar as seguintes modificacións no artigo 73:

- segundo parágrafo do apartado 3, para adecualo á modificación operada polo RD 117/2024 no apartado 1 do artigo 103 bis do RXR,
- apartado 7, para adaptalo á modificación operada polo RD 117/2024 no apartado 1 do artigo 104 bis do RXR e
- derradeiro parágrafo do apartado 8, a fin de adaptalo á modificación operada polo RD 117/2024 no apartado 4 do artigo 104 bis do RXR

3. INFORME SOBRE REPERCUSIÓN ORZAMENTARIA.

Para os efectos do disposto no artigo 129.7 da Lei 39/2015, cómpre indicar que a modificación da Ordenanza Fiscal Xeral non terá repercusión económica.

4. INNECESARIEDADE DO TRÁMITE PREVISTO NO ARTIGO 133 DA LEI 39/2015.

A Sentenza do Tribunal Supremo de 31 de xaneiro de 2023 determinou a innecesariedade da consulta pública na tramitación das ordenanzas fiscais, fixando o seguinte criterio interpretativo:

"(...) el art. 17 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, que regula el procedimiento de elaboración y aprobación de las ordenanzas fiscales locales, constituye legislación especial por razón de la materia, por lo que, de conformidad con lo dispuesto en la disposición adicional 1ª, apartado 1, de la Ley de la Ley 39/2015, no resulta exigible seguir el trámite de consulta pública"



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2024 10:16	Páxina 26 de 164
4675-1101	CSV: ADA2C4-A23HB1-AEA6E6-9WJG3H-72V374-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

previsto en el art. 133.1 LPAC, como trámite previo al procedimiento de elaboración y aprobación de las ordenanzas fiscales establecido en el art. 17 TRLHL”.

Tramitación da modificación.

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da LRBRL, artigos 15 a 19 do TRLRFL e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL.

Segundo informe do TEA do Concello de data 24 de xuño de 2020, «unha vez incorporados os correspondentes informes xurídicos, técnicos e económicos, será redactado Informe-Proposta e o expediente será remitido á Intervención Xeral. Expresamente se solicitará a dito órgano que “de conformidade co indicado polo TEACV, órgano competente para o Ditame sobre os Proxectos de Ordenanzas Fiscais, deberá informarse sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, suficiencia financeira e demais restricións orzamentarias que se puideran derivar do acordo proposto”.

Con carácter potestativo poderá solicitarse ao TEACV, como ven sucedendo dende a creación deste, informe previo sobre a legalidade da Proposta de Proxecto que se somete a aprobación da Xunta de Goberno Local, a fin de que, tanto polos órganos políticos como polos administrativos, exista garantía sobre a conformidade no Ditame que será emitido con posterioridade á aprobación, no seu caso, da Proposta de Proxecto pola Xunta de Goberno Local. Así mesmo, e se este órgano así o estima conveniente, complementa o control de legalidade de quen teña atribuída dita función nos asuntos que deban ser sometidos á consideración da Xunta de Goberno Local.

Unha vez aprobado o Proxecto pola Xunta de Goberno Local será novamente remitido ao TEACV, quen elaborará o correspondente Ditame. Incorporado o preceptivo Ditame, o expediente, agora xa completo, será remitido á Secretaría do Pleno a fin da súa posta de manifesto aos voceiros dos grupos municipais e para o seu estudio e debate en Comisión Informativa e no Pleno.

De producirse transaccións políticas na fase de Propostas de emendas que varíen a redacción do Proxecto, deberá remitirse novamente o texto modificado á Intervención Xeral para o referido informe sobre cumprimento de restricións orzamentarias como previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local do texto modificado e sometido a novo Ditame do TEACV.

O expediente co texto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEACV someterase a estudio e aprobación pola Comisión Informativa correspondente e será remitido para a súa aprobación provisional polo Pleno.

Producida dita aprobación provisional, exporase ao público por prazo de trinta días a fin de que, por quen teña a condición de interesado, poida ser plantexada a oportuna reclamación.

De ser presentadas reclamacións, determinarase previamente a admisibilidade das mesmas e, entre as admitidas, resolverase estimando ou desestimando as mesmas, dándose conta á Xunta de Goberno Local e remitíndose ao Pleno para aprobación definitiva. No caso de non presentarse reclamacións ou incorrer todas as presentadas en causa de inadmisibilidade, entenderase aprobado o texto sen necesidade de remisión ao Pleno para a súa aprobación definitiva.

No caso de ser presentadas reclamacións admisibles contra o acordo de aprobación provisional, sexan estimadas ou non, procederá a remisión ao Pleno aos efectos da aprobación definitiva. No caso de que pola estimación de reclamación contra o Acordo de aprobación provisional se modificase este, o texto da Ordenanza será remitido previamente ao TEACV para novo Ditame».

Á vista do anterior, esta Dirección de Ingresos e Xestión Catastral Delegada propón á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte,

ACORDO:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2024 10:16	Páxina 27 de 164
4675-1101	CSV: ADA2C4-A23HB1-AEA6E6-9WJG3H-72V374-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

PRIMEIRO.- Aprobar o seguinte Proxecto de **MODIFICACIÓN DA ORDENANZA Nº 1 FISCAL XERAL.**

ARTIGO 65.- PROCEDIMENTO DE COMPROBACIÓN LIMITADA.

c) Exame dos rexistros e demais documentos esixidos pola normativa tributaria e de calquera outro libro, rexistro ou documento de carácter oficial, así como exame de facturas ou documentos que sirvan de xustificante das operacións incluídas en ditos libros, rexistros ou documentos.

O exame da contabilidade limitarase a constatar a coincidencia entre o que figure na mesma e a información que obre en poder da Administración tributaria, incluída a obtida no procedemento.

O exame da contabilidade non impedirá nin limitará a ulterior comprobación das operacións a que a mesma se refire nun procedemento de inspección.

ARTIGO 73.- POXA DE BENS.

3. Modificación do segundo parágrafo:

Todo/a licitador/a, para ser admitido/a como tal, deberá constituir o seguinte depósito:

- a) Un depósito do 10 por cento do tipo de poxa cando os bens ou lotes polos que desexe puxar sexan exclusivamente bens mobles.
- b) Un depósito do 5 por cento do tipo de poxa cando os bens ou lotes polos que desexe puxar sexan bens inmobles ou conteñan polo menos un ben inmovible.

7. Modificación do segundo parágrafo:

A adxudicación será notificada ao/á adxudicatario/a, instándolle para que efectúe o pago da diferenza entre o prezo total de adxudicación e o importe do depósito nos 15 días seguintes á data da notificación, coa advertencia de que se non o completa no devandito prazo perderá o importe do depósito que se aplicará á cancelación das débedas obxecto do procedemento. Todo iso, sen prexuízo das responsabilidades en que poida incurrir o/a adxudicatario/a polos prexuízos que orixine á Administración a falta de pago do prezo de remate e a cuxo resarcimento quedará obrigado/a en todo caso.

En caso de impago do prezo de remate polo/a adxudicatario/a, o importe depositado aplicarase á cancelación das débedas obxecto do procedemento, sen prexuízo das responsabilidades en que poida incurrir polos danos e prexuízos causados á Administración que orixine a falta de pagamento do prezo de remate. Neste caso a Mesa, atendendo ao interese público, poderá adxudicar o ben ou lote á mellor oferta con reserva de depósito ou declarar deserta a poxa, aínda que dita oferta fose superior ao 50 por cento do tipo de poxa.

8. Modificación parágrafo terceiro

Se finalizados os procedementos de enaxenación e, no seu caso, adxudicación á Facenda Pública, quedaran bens ou dereitos sen adxudicar, os mesmos poderán ser obxecto de novos procedementos de enaxenación sempre que non se tivera producida a prescrición da acción de cobro das débedas respecto das que se desenvolven ditos procedementos.

DISPOSICIÓN FINAL.

Esta modificación entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP e comenza a aplicarse o 1 de xaneiro de 2025 permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

SEGUNDO Propoñer ao Pleno, previos Ditames do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo e da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda a adopción do seguinte.../...»



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2024 10:16	Páxina 28 de 164
4675-1101	CSV: ADA2C4-A23HB1-AEA6E6-9WJG3H-72V374-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Deseguido a funcionaria informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O 12 de agosto do 2024, o Interventor xeral emite informe de fiscalización favorable.

Con data 30.08.2024, o Tribunal Económico Administrativo ditamina favorablemente a proposta.

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 30.08.2024, acorda aprobar dita proposta.

Durante o prazo de seis días para a presentación de emendas polos grupos políticos municipais, o voceiro do grupo municipal do BNG (Rexistro Pleno 4613/1101) presenta emendas en data 10.09.24.

Con data 16.09.2024, a directora de Ingresos emite informe sobre as emendas presentadas.

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria do 23.09.24, ditamina favorablemente a proposta.

Con data 24 de setembro, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Perez Iglesias, presenta no Rexistro electrónico do Pleno solicitude nº W1170040-5743, VOTO PARTICULAR, que se somete a votación.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

VOTACIÓN VOTO PARTICULAR DO BNG:

Con tres votos (3) a favor, dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Pérez Igrexas e Martínez Piñeiro; cinco abstencións (5), dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, García González, Sánchez Méndez, Martín Peña, González Abeijón e Benavides Alonso; e quince votos (15) en contra, dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, queda rexeitada o voto particular.

VOTACIÓN PROPOSTA:

Con quince votos (15) a favor, dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia; oito votos en contra (8), cinco votos (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, García González, Sánchez Méndez, Benavides Alonso, González Abeijón e Martín Peña, mais tres votos (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Pérez Igrexas e Martínez Piñeiro o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2024 10:16	Páxina 29 de 164
4675-1101	CSV: ADA2C4-A23HB1-AEA6E6-9WJG3H-72V374-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

1º) Aprobar provisionalmente a **MODIFICACIÓN DA ORDENANZA Nº 1 FISCAL XERAL**

“ARTIGO 65.- PROCEDEMENTO DE COMPROBACIÓN LIMITADA.

c) Exame dos rexistros e demais documentos esixidos pola normativa tributaria e de calquera outro libro, rexistro ou documento de carácter oficial, así como exame de facturas ou documentos que sirvan de xustificante das operacións incluídas en ditos libros, rexistros ou documentos.

O exame da contabilidade limitarase a constatar a coincidencia entre o que figure na mesma e a información que obre en poder da Administración tributaria, incluída a obtida no procedemento.

O exame da contabilidade non impedirá nin limitará a ulterior comprobación das operacións a que a mesma se refire nun procedemento de inspección.

ARTIGO 73.- POXA DE BENS.

3. Modificación do segundo parágrafo:

Todo/a licitador/a, para ser admitido/a como tal, deberá constituír o seguinte depósito:

- Un depósito do 10 por cento do tipo de poxa cando os bens ou lotes polos que desexa puxar sexan exclusivamente bens mobles.
- Un depósito do 5 por cento do tipo de poxa cando os bens ou lotes polos que desexa puxar sexan bens inmobles ou conteñan polo menos un ben inmovible.

7. Modificación do segundo parágrafo:

A adxudicación será notificada ao/á adxudicatario/a, instándolle para que efectúe o pago da diferenza entre o prezo total de adxudicación e o importe do depósito nos 15 días seguintes á data da notificación, coa advertencia de que se non o completa no devandito prazo perderá o importe do depósito que se aplicará á cancelación das débedas obxecto do procedemento. Todo iso, sen prexuízo das responsabilidades en que poida incurrir o/a adxudicatario/a polos prexuízos que orixine á Administración a falta de pago do prezo de remate e a cuxo resarcimento quedará obrigado/a en todo caso.

En caso de impago do prezo de remate polo/a adxudicatario/a, o importe depositado aplicarase á cancelación das débedas obxecto do procedemento, sen prexuízo das responsabilidades en que poida incurrir polos danos e prexuízos causados á Administración que orixine a falta de pagamento do prezo de remate. Neste caso a Mesa, atendendo ao interese público, poderá adxudicar o ben ou lote á mellor oferta con reserva de depósito ou declarar deserta a poxa, aínda que dita oferta fose superior ao 50 por cento do tipo de poxa.

8. Modificación parágrafo terceiro



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2024 10:16	Páxina 30 de 164
4675-1101	CSV: ADA2C4-A23HB1-AEA6E6-9WJG3H-72V374-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Se finalizados os procedementos de enaxenación e, no seu caso, adxudicación á Facenda Pública, quedarán bens ou dereitos sen adxudicar, os mesmos poderán ser obxecto de novos procedementos de enaxenación sempre que non se tivera producida a prescrición da acción de cobro das débedas respecto das que se desenvolven ditos procedementos.

DISPOSICIÓN FINAL.

Esta modificación entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2025 permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.”

2º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

3º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- Facúltase ao Concelleiro da Area de Orzamentos e Facenda para a redacción do correspondente texto refundido.

5.(166). MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES. EXPTE. 3181/500. (EXPTE. PLENO 4584/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 30 de xullo do 2024, a directora de Ingresos e Xestión Catastral conformado polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, emite o seguinte informe proposta,

« 1. MARCO NORMATIVO DE APLICACIÓN.

- Constitución española de 27 de decembro de 1978
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de réxime local de Galicia
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (en adiante, TRLRFL)
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (en adiante, LXT)
- Lei orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (LOEOSF)
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da administración municipal
- Real Decreto 1/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do catastro inmobiliario
- Real Decreto 417/2006, de 7 de abril, polo que se desenvolve o Texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, aprobado por el Real Decreto Lexislativo 1/2004, de 5 de marzo
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (Lei 39/2015)
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno (artigos 7.c e d)

2. ANTECEDENTES DE FEITO.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2024 10:16	Páxina 31 de 164
4675-1101	CSV: ADA2C4-A23HB1-AEA6E6-9WJG3H-72V374-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Primeiro.- Mediante Acordo plenario de data 25 de setembro do 2023 aprobouse a última actualización de tipos impositivos na Ordenanza Fiscal nº 2 reguladora do IBI.

Segundo.- O Sr. Concelleiro da Área de Goberno Orzamentos e Facenda ditou orde de inicio do presente expediente de modificación en data 26 de xullo de 2024.

3. CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

a) A obrigada posición de equilibrio orzamentario implica unha indisociable conexión entre ingreso e gasto, o que obriga a prestar atención á evolución do conxunto dos ingresos públicos e tamén dos gastos. Só deste xeito manterase a solvencia das contas públicas municipais, dando cumprimento ao marco xurídico orzamentario derivado das normas que integran o “bloque de constitucionalidade”: artigo 135 da Constitución, LOEOSF e TRLRFL.

A falta de actualización de tipos impositivos e tarifas das taxas para 2025 incidiría directamente no obrigado equilibrio primario do orzamento municipal. Neste senso, a evolución dos indicadores económicos relevantes para a actualización de tipos impositivos e tarifas de taxas e, en concreto, os fortes incrementos do IPC nos últimos exercicios abocarían, de non proceder a unha actualización dos tributos municipais, a unha non cobertura para o ano 2025 dos gastos correntes polos ingresos correntes.

O obxectivo de manter a solvencia das contas públicas municipais xunto co de incrementar a calidade dos servizos a prestar, induce a presente proposta de modificación da presente ordenanza fiscal.

b) Nos expedientes de modificación de ordenanzas para 2024, consistentes nunha actualización dun 4%, tomáronse como referencia a variación de indicadores entre novembro 2020- a xuño 2023, sendo a variación do IPC un 15,38%.

No presente expediente, constan como anexo datos oficiais sobre magnitudes relevantes para a actualización de tipos impositivos e tarifas de taxas, dende o período novembro de 2020 ata os últimos datos coñecidos na data de redacción deste informe, xuño 2024. A data de partida da comparación é novembro de 2020 por tratarse do mes no que os/as contribuíntes ingresan a maior parte dos tributos municipais.

A variación do IPC entre novembro de 2020 ata xuño de 2024 alcanzou o 19,20%. Durante este período o Concello de Vigo só aprobou por acordo plenario do 23.09.2023 unha actualización do 4%. Dito doutro modo, a redución en termos reais dos tipos impositivos foi dun 12,75%, o que implica que o deterioro da capacidade dos ingresos tributarios para facer fronte ao gasto público municipal pode contifícarase nesa mesma porcentaxe do 12,75%.

Os indicadores relevantes para a avaliación dos ingresos dos/as contribuíntes, entre os anos 2020 e 2024, evolucionaron de modo similar ao IPC, experimentando incrementos superiores aos dous díxitos. Así, a subida do salario mínimo alcanzou o 17,82%; o IPREM, o 11,56%; o índice de revalorización das pensións, o 16,48% e os salarios pactados en convenio, o 12,23%.

A.1. de menos de 8 cabalos fiscais.....	25,15 €
A.2. de 8 ata 11,99 cabalos fiscais.....	68,16 €
A.3. de 12 ata 15,99 cabalos fiscais.....	143,88 €
A.4. de 16 ata 19,99 cabalos fiscais.....	179,22 €
A.5. de máis de 20 cabalos fiscais.....	224,00 €

B. AUTOBUSES	COTA ANUAL
B.1. de menos de 21 prazas.....	166,60 €
B.2. de 21 a 50 prazas.....	237,28 €
B.3. de máis de 50 prazas.....	296,60 €

C. CAMIÓNS	COTA ANUAL
C.1. de menos de 1000 kg. de carga útil.....	84,56 €
C.2. de 1000 a 2999 kg. de carga útil.....	166,60 €
C.3. de máis de 2999 a 9999 kg. carga útil.....	237,28 €
C.4 de máis de 9999 kg. de carga útil.....	296,60 €

D. TRACTORES	COTA ANUAL
D.1. de menos de 16 cabalos fiscais.....	33,50 €
D.2. de 16 a 25 cabalos fiscais.....	53,65 €
D.3. de máis de 25 cabalos fiscais.....	160,80 €

**E. REMOLQUES E SEMIRREMOLQUES ARRASTRADOS
POR VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA COTA ANUAL**

E.1. máis de 750 kg a 999 kg. carga útil	35,34 €
E.2. de 1000 a 2999 kg. de carga útil.....	55,54 €



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2024 10:16	Páxina 47 de 164
4675-1101	CSV: ADA2C4-A23HB1-AEA6E6-9WJG3H-72V374-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

E.3. máis de 2999 kg. de carga útil.....166,60 €

F. OUTROS VEHÍCULOS **COTA ANUAL**

F.1. Ciclomotores.....4,80 €
F.2. Motocicletas ata 125 cc.....4,80 €
F.3. Motocicletas de máis 125 ata 250 cc.....9,85 €
F.4. Motocicletas de máis 250 ata 500 cc.....22,00 €
F.5. Motocicletas de máis 500 ata 1000 cc.....43,95 €
F.6. Motocicletas de máis de 1000 cc.....87,85 €

DISPOSICIÓNS FINAIS.

2ª. Esta modificación entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP e comenza a aplicarse o 1 de xaneiro de 2025 permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

SEGUNDO Propoñer ao Pleno, previos Ditames do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo e da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda a adopción do seguinte.../...»

Deseguido a funcionaria informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O 12 de agosto do 2024, o Interventor xeral emite informe de fiscalización favorable.

Con data 30.08.2024, o Tribunal Económico Administrativo ditamina favorablemente a proposta.

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 30.08.2024, acorda aprobar dita proposta.

Durante o prazo de seis días para a presentación de emendas polos grupos políticos municipais, o voceiro do grupo municipal do BNG (Rexistro Pleno 4613/1101), e o grupo municipal do Partido Popular (Rexistro Pleno 4612/1101), presentan emendas en data 10.09.24

Con data 16.09.2024, a directora de Ingresos emite informe sobre as emendas presentadas.

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria do 23.09.24, ditamina favorablemente a proposta.

Con data 24 de setembro, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Perez Iglesias, presenta no Rexistro electrónico do Pleno solicitude nº W1170040-5743, VOTO PARTICULAR, que se somete a votación.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

VOTACIÓN VOTO PARTICULAR DO BNG:

Con tres votos (3) a favor, dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Pérez Igrexas e Martínez Piñeiro; cinco abstencións (5), dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, García González, Sánchez Méndez, Martín Peña, González Abeijón e Benavides Alonso; e quince votos (15) en contra, dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, López Font,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2024 10:16	Páxina 48 de 164
4675-1101	CSV: ADA2C4-A23HB1-AEA6E6-9WJG3H-72V374-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, queda rexeitada o voto particular.

VOTACIÓN PROPOSTA:

Con quince votos (15) a favor, dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia; oito votos en contra (8), cinco votos (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, García González, Sánchez Méndez, Benavides Alonso, González Abejón e Martín Peña, mais tres votos (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Pérez Igrexas e Martínez Piñeiro o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte

ACORDO:

1º) Aprobar provisionalmente a “MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS”

“ARTIGO 6.- BONIFICACIÓNS E REDUCIÓNS

Engádesse no apartado 5 un segundo parágrafo co seguinte texto:

Entenderase a efectos da concesión da presente bonificación que se produce incremento do promedio da plantilla por comparación entre o número de persoas traballadoras con contrato indefinido no período final comparado (31 de decembro do período impositivo previo ao da solicitude) co período inicial comparado (31 de decembro do período anterior ao previo da solicitude).

ARTIGO 8.1 *Queda redactado como segue:*

COEFICIENTE ÚNICO E ÍNDICES DE SITUACIÓN.

<u>Categoría Fiscal</u>	<u>Coeficiente Situación</u>
1ª.....	3,56
2ª.....	3,33
3ª.....	3,15
4ª.....	2,89
5ª.....	2,69
6ª.....	2,44

DISPOSICIÓN FINAL.

Esta modificación entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP e comenará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2025 permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.”

2º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

3º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

Facúltase ao Concelleiro de Orzamentos e Facenda para a redacción do correspondente texto refundido.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2024 10:16	Páxina 49 de 164
4675-1101	CSV: ADA2C4-A23HB1-AEA6E6-9WJG3H-72V374-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

8.(169). MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA SOBRE O IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS. EXPTE. 3184/500. (EXPTE. PLENO 4587/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 30 de xullo do 2024, a directora de Ingresos e Xestión Catastral conformado polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, emite o seguinte informe proposta,

« 1. MARCO NORMATIVO DE APLICACIÓN

- Constitución española de 27 de decembro de 1978
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local
- Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (en adiante, TRLRFL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (en adiante, LXT)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (Lei 39/2015)
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno (artigos 7.c e d)
- Lei orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (LOEOSF)
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da administración local
- Lei 2/2016, de 10 de febreiro do solo de Galicia e Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento desta Lei

2. ANTECEDENTES DE FEITO.

Primeiro.- Mediante Acordo plenario de data 30 de setembro do 2020 aprobouse provisionalmente a última modificación desta ordenanza fiscal nº 5, quedando elevada a definitiva aquela aprobación por ausencia de reclamacións en período de exposición pública. (expte. 2712/500).

Segundo.- O Sr. Concelleiro da Área de Goberno Orzamentos e Facenda ditou orde de inicio do presente expediente de modificación en data 26 de xullo de 2024.

3. CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS.

Primeira.- Os tributos, ademais de ser medios para obter os recursos necesarios para o sostemento dos gastos públicos, poden servir como instrumentos da política económica xeral e atender á realización dos principios e fins contidos na Constitución, tal e como establece o artigo 2.1 da LXT. Este precepto engade á propia finalidade recadatoria dos tributos para o financiamento do gasto público, unha finalidade extrafiscal.

Segunda.- Como medida coaduvante á execución de políticas públicas en materia de vivenda e tendo en conta a proposta dos servizos urbanísticos, procede a modificación do artigo 3 da presente ordenanza para introducir, ao amparo do disposto no artigo 103.2 do TRLRFL unha bonificación do 95% na cota do imposto ás obras de reforma ou acondicionamento daquelas vivendas que sexan destinadas a alugueiro social e que contén con financiamento ou protección pública.

Realízase no texto proposto unha xenérica “declaración de especial interese ou utilidade municipal” que fundamentará a aplicación concreta en vía de xestión tributaria da correspondente bonificación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2024 10:16	Páxina 50 de 164
4675-1101	CSV: ADA2C4-A23HB1-AEA6E6-9WJG3H-72V374-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

4. INFORME SOBRE REPERCUSIÓN ORZAMENTARIA.

De conformidade co artigo 129.7 da Lei 39/2015, coa introdución da bonificación proposta no presente expediente, o importe no que se podería minorar a recadación do imposto e que se producirá no vindeiro orzamento de ingresos do 2025 ascende a 5.250€, cifra na que se contifica o impacto orzamentario.

5. INNECESARIEDADE DO TRAMITE PREVISTO NO ARTIGO 133 DA LEI 39/2015 DO 1 DE OUTUBRO DO PAC.

A Sentenza do Tribunal Supremo de 31 de xaneiro de 2023 determinou a innecesariedade da consulta pública na tramitación das ordenanzas fiscais, fixando o seguinte criterio interpretativo:

"(...) el art. 17 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, que regula el procedimiento de elaboración y aprobación de las ordenanzas fiscales locales, constituye legislación especial por razón de la materia, por lo que, de conformidad con lo dispuesto en la disposición adicional 1ª, apartado 1, de la Ley de la Ley 39/2015, no resulta exigible seguir el trámite de consulta pública previsto en el art. 133.1 LPAC, como trámite previo al procedimiento de elaboración y aprobación de las ordenanzas fiscales establecido en el art. 17 TRLHL".

Tramitación da modificación.

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da LRBRL, artigos 15 a 19 do TRLRFL e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL.

Segundo informe do TEA do Concello de data 24 de xullo de 2020, «unha vez incorporados os correspondentes informes xurídicos, técnicos e económicos, será redactado Informe-Proposta e o expediente será remitido á Intervención Xeral. Expresamente se solicitará a dito órgano que "de conformidade co indicado polo TEACV, órgano competente para o Ditame sobre os Proxectos de Ordenanzas Fiscais, deberá informarse sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, suficiencia financeira e demais restricións orzamentarias que se puideran derivar do acordo proposto".

Con carácter potestativo poderá solicitarse ao TEACV, como ven sucedendo dende a creación deste, informe previo sobre a legalidade da Proposta de Proxecto que se somete a aprobación da Xunta de Goberno Local, a fin de que, tanto polos órganos políticos como polos administrativos, exista garantía sobre a conformidade no Ditame que será emitido con posterioridade á aprobación, no seu caso, da Proposta de Proxecto pola Xunta de Goberno Local. Así mesmo, e se este órgano así o estima conveniente, complementa o control de legalidade de quen teña atribuída dita función nos asuntos que deban ser sometidos á consideración da Xunta de Goberno Local.

Unha vez aprobado o Proxecto pola Xunta de Goberno Local será novamente remitido ao TEACV, quen elaborará o correspondente Ditame. Incorporado o preceptivo Ditame, o expediente, agora xa completo, será remitido á Secretaría do Pleno a fin da súa posta de manifesto aos voceiros dos grupos municipais e para o seu estudio e debate en Comisión Informativa e no Pleno.

De producirse transaccións políticas na fase de Propostas de emendas que varíen a redacción do Proxecto, deberá remitirse novamente o texto modificado á Intervención Xeral para o referido informe sobre cumprimento de restricións orzamentarias como previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local do texto modificado e sometido a novo Ditame do TEACV.

O expediente co texto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEACV someterase a estudio e aprobación pola Comisión Informativa correspondente e será remitido para a súa aprobación provisional polo Pleno.

Producida dita aprobación provisional, exporase ao público por prazo de trinta días a fin de que, por quen teña a condición de interesado, poida ser plantexada a oportuna reclamación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2024 10:16	Páxina 51 de 164
4675-1101	CSV: ADA2C4-A23HB1-AEA6E6-9WJG3H-72V374-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

De ser presentadas reclamacións, determinarase previamente a admisibilidade das mesmas e, entre as admitidas, resolverase estimando ou desestimando as mesmas, dándose conta á Xunta de Goberno Local e remitíndose ao Pleno para aprobación definitiva. No caso de non presentarse reclamacións ou incorrer todas as presentadas en causa de inadmisibilidade, entenderase aprobado o texto sen necesidade de remisión ao Pleno para a súa aprobación definitiva.

No caso de ser presentadas reclamacións admisibles contra o acordo de aprobación provisional, sexan estimadas ou non, procederá a remisión ao Pleno aos efectos da aprobación definitiva. No caso de que pola estimación de reclamación contra o Acordo de aprobación provisional se modificase este, o texto da Ordenanza será remitido previamente ao TEACV para novo Ditame».

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o seguinte Proxecto de **MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 5 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓN E OBRAS.**

ARTIGO 3.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

6. Decláranse “de especial interese ou utilidade municipal” e gozarán dunha bonificación do 95% na cota do Imposto, de conformidade co artigo 103.2 a) do RDL 2/2004 as obras de reforma ou acondicionamento daquelas vivendas que sexan destinadas a alugueiro social e que contén con financiamento ou protección pública.

RENUMÉRANSE os parágrafos 6, 7, 8, 9, 10 e 11.

DISPOSICIÓNS FINAIS

2ª Esta ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP e comenza a aplicarse o 1 de xaneiro de 2025 permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

SEGUNDO.- Propoñer ao Pleno, previo Ditame do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo e da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda a adopción do seguinte.../...»

Deseguido a funcionaria informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O 12 de agosto do 2024, o Interventor xeral emite informe de fiscalización favorable.

Con data 30.08.2024, o Tribunal Económico Administrativo ditamina favorablemente a proposta.

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 30.08.2024, acorda aprobar dita proposta.

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria do 23.09.24, ditamina favorablemente a proposta.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

VOTACIÓN PROPOSTA:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2024 10:16	Páxina 52 de 164
4675-1101	CSV: ADA2C4-A23HB1-AEA6E6-9WJG3H-72V374-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Con quince votos (15) a favor, dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia; oito votos en contra (8), cinco votos (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, García González, Sánchez Méndez, Benavides Alonso, González Abeijón e Martín Peña, mais tres votos (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Pérez Igrexas e Martínez Piñeiro o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte

ACORDO:

1º) Aprobar provisionalmente a MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 5 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓN E OBRAS.

“ARTIGO 3.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

6. Decláranse “de especial interese ou utilidade municipal” e gozarán dunha bonificación do 95% na cota do Imposto, de conformidade co artigo 103.2 a) do RDL 2/2004 as obras de reforma ou acondicionamento daquelas vivendas que sexan destinadas a alugueiro social e que contén con financiamento ou protección pública.

RENUMÉRANSE os parágrafos 6, 7, 8, 9, 10 e 11 .

DISPOSICIÓNS FINAIS

2ª Esta ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP e comenzara a aplicarse o 1 de xaneiro de 2025 permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.”

2º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

3º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

b) Facúltase á Concellería de Orzamentos e Facenda para a aprobación do correspondente texto refundido.”

9.(170) MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA RECOLLIDA DO LIXO. EXPTE. 3185/500. (EXPTE. PLENO 4588/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 22 de agosto do 2024, a directora de Ingresos e Xestión Catastral conformado polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, emite o seguinte informe proposta,

«1. MARCO NORMATIVO DE APLICACIÓN.

- Constitución española de 27 de decembro de 1978
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2024 10:16	Páxina 53 de 164
4675-1101	CSV: ADA2C4-A23HB1-AEA6E6-9WJG3H-72V374-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (en adiante, TRLRFL)
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (LXT)
- Lei orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (LOEOSF)
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da administración municipal
- Lei 8/1989, de 13 de abril, de taxas e prezos públicos
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (Lei 39/2015)
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno (artigos 7.c e d)
- Directiva (UE) 2018/851, do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de maio de 2018, pola que se modifica a Directiva 2008/98/CE sobre residuos
- Directiva (UE) 2019/904 do Parlamento e do Consello, do 5 de xullo de 2019, relativa á redución do impacto de determinados produtos de plástico no medio ambiente
- Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular (en adiante, Lei 7/2022)
- Real Decreto 1055/2022, de 27 de decembro, de envases e residuos de envases
- Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia

2. ANTECEDENTES DE FEITO.

Primeiro.- Mediante Acordo plenario de data 25 de setembro de 2023 foi aprobada a última modificación da presente Ordenanza.

Segundo.- A Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular entrou e vigor o 10 de abril de 2022 e concedeu un prazo de 3 anos aos concellos, a partir da súa entrada en vigor, para que as entidades locais establezan unha taxa, ou no seu caso, unha prestación patrimonial de carácter público non tributaria, específica, diferenciada e non deficitaria, que permita implantar sistemas de pago por xeración e que reflecta o custo real, directo ou indirecto, das operacións de recollida, transporte e tratamento dos residuos.

Terceiro.- En data 29 de xullo de 2024 o Concelleiro da Area de Goberno de Orzamentos e Facenda ordenou o inicio da tramitación da modificación da Ordenanza Fiscal n.º 16 reguladora das taxas pola recollida pola necesidade de adaptar o texto da vixente Ordenanza nº 16 ao disposto na Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular e polo incremento dos custos de tratamento de residuos.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS.

I.- A obrigada posición de equilibrio orzamentario implica unha indisociable conexión entre ingreso e gasto, o que obriga a prestar atención á evolución do conxunto dos ingresos públicos e tamén dos gastos. Só deste xeito manterase a solvencia das contas públicas municipais, dando cumprimento ao marco xurídico orzamentario derivado das normas que integran o “bloque de constitucionalidade”: artigo 135 da Constitución, LOEOSF e TRLRFL.

A falta de actualización de tipos impositivos e tarifas das taxas para 2025 incidiría directamente no obrigado equilibrio primario do orzamento municipal. Neste senso, a evolución dos indicadores económicos relevantes para a actualización de tipos impositivos e tarifas de taxas e, en concreto, os fortes incrementos do IPC nos últimos exercicios abocarían, de non proceder a unha actualización dos tributos municipais, a unha non cobertura para o ano 2025 dos gastos correntes polos ingresos correntes.

O obxectivo de manter a solvencia das contas públicas municipais xunto co de incrementar a calidade dos servizos a prestar, induce a presente proposta de modificación da presente ordenanza fiscal, motivo ao que se unen outros que se expoñen a continuación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2024 10:16	Páxina 54 de 164
4675-1101	CSV: ADA2C4-A23HB1-AEA6E6-9WJG3H-72V374-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

II.- A través da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular (en adiante, Lei 7/2022), traspuxéronse ao ordenamento interno dúas Directivas:

- a Directiva (UE) 2018/851, do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de maio de 2018, pola que se modifica a Directiva 2008/98/CE sobre residuos e
- a Directiva (UE) 2019/904 do Parlamento e do Consello, do 5 de xullo de 2019, relativa á redución do impacto de determinados produtos de plástico no medio ambiente

III.- Esta Lei 7/2022, aínda que constitúe lexislación básica de protección do medio ambiente (segundo establece a súa Disposición final undécima), contén disposicións específicas de contido tributario que afectan ás facendas locais.

En concreto, concede un prazo de tres anos, que se cumpre o 10 de abril de 2025, para que os concellos establezan con carácter obrigatorio unha taxa (ou, no seu caso, unha prestación patrimonial de carácter público non tributario) pola recollida de residuos sólidos, que permita implantar sistemas de pago en función da cantidade e tipoloxía de residuos xenerados polos suxeitos pasivos (principio que as Directivas comunitarias denominan *pay as you throw*).

Neste sentido, dispón o artigo 11.3 da Lei 7/2022 que: “ *En el caso de los costes de gestión de los residuos de competencia local, de acuerdo con lo dispuesto en el texto refundido de la Ley reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, las entidades locales establecerán, en el plazo de tres años a contar desde la entrada en vigor de esta ley, una tasa o, en su caso, una prestación patrimonial de carácter público no tributaria, específica, diferenciada y no deficitaria, que permita implantar sistemas de pago por generación y que refleje el coste real, directo o indirecto, de las operaciones de recogida, transporte y tratamiento de los residuos, incluídos*

- *la vigilancia de estas operaciones y el mantenimiento y vigilancia posterior al cierre de los vertederos,*

- *las campañas de concienciación y comunicación,*

- *así como los ingresos derivados de la aplicación de la responsabilidad ampliada del productor, de la venta de materiales y de energía”.*

IV.- Para dar cumprimento a este mandato legal, cómpre realizar a presente modificación da vixente Ordenanza fiscal nº 16, que pasará a denominarse Ordenanza fiscal nº 16 reguladora das taxas pola recollida, transporte e tratamento de residuos, para así iniciar a súa paulatina adaptación ás prescricións da Lei 7/2022, pois como indica o Tribunal Supremo na súa Sentenza nº 2668/2024, do 13 de maio, o establecemento de taxas ten que axustarse non só aos parámetros do artigo 24 do TRLRFL, senón tamén ao resto do ordenamento xurídico.

O lexislador é consciente de que as entidades locais deben incorporar de xeito gradual elementos que teñan en conta o “comportamento responsable” dos produtores dos residuos e de que a taxa ha de implantarse tendo en conta a información sobre xeración e tratamento de residuos da que se dispón, cando no propio Preámbulo establece “*Se refuerza la aplicación del principio de jerarquía de residuos, mediante la obligatoriedad por parte de las administraciones competentes de usar instrumentos económicos para su efectiva consecución. Teniendo en cuenta esto, se incluye expresamente por primera vez, la obligación de que las entidades locales dispongan de una tasa, o en su caso, una prestación patrimonial de carácter público no tributaria, diferenciada y específica para los servicios que deben prestar en relación con los residuos de su competencia, tasas que deberían tender hacia el pago por generación”.*

Noutra orde de cousas, ademáis da adaptación da estrutura tarifaria ao disposto na Lei 7/2022, procede incorporar os custos actualizados do tratamento de residuos recentemente establecidos por Resolución da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático de data 22 de xullo 2024, (publicada no DOG nº 142 do 23 de xullo de 2024) que implican para 2025 unha estimación de 88,05€/t sen IVE ou 96,86€/t IVE engadido fronte a 56,10€ t sen IVE ou 61,71€/Ive engadido que o Concello estaba pagando ata o segundo semestre do 2023.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2024 10:16	Páxina 55 de 164
4675-1101	CSV: ADA2C4-A23HB1-AEA6E6-9WJG3H-72V374-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

V.- Segundo o anterior e as indicacións recibidas pola Dirección de Ingresos dende as Concellerías de Facenda e de Fomento, preséntase a modificación da estrutura da tarifa vixente, toda vez que a aplicación do principio de pago por xeración determina a imposibilidade de continuar coas cotas fixas actualmente vixentes. En consecuencia, as cotas tributarias serán o resultado de sumar para cada feito impoñible unha cota fixa de dispoñibilidade do servizo máis unha cota variable acorde coa cantidade e tipo de residuos.

A estrutura tarifaria que se propón na presente modificación e que se regula no artigo 4, diferencia entre cota vivendas e cota establecementos, segundo o seguinte desglose:

- no tocante á cota polos servizos de recollida, transporte e tratamento dos residuos das vivendas, establécese unha *cota fixa de dispoñibilidade do servizo* (cantidade fixa anual de 94,33€ para cada vivenda) e unha *cota variable*, fundamentada nunha estimación obxectiva da cantidade de xeración de residuos de cada vivenda, realizada a partir do número de persoas que a habitan (neste senso, a STS nº 2668/2024, do 13 de maio determina que o número de persoas que habita un domicilio é un indicio explicativo racional e suficiente de xeración de residuos- FX Terceiro). A *cota variable* anual será de 9,50€ para vivendas sen habitantes, 29,40€ vivendas entre 1-3 persoas, 36,90€ vivendas entre 4-6 persoas e 43,90€ para vivendas de máis de 6 persoas. A cota tributaria será, por tanto, o sumatorio da cota fixa de dispoñibilidade do servizo máis a cota variable pola cantidade de residuos.

- para as cotas polos servizos de recollida, transporte e tratamento dos residuos de establecementos e locais con actividades económicas, establécese unha *cota de dispoñibilidade do servizo* (determinada a partir da cota fixa de dispoñibilidade- 94,33€- sobre a cal se aplica un coeficiente en función da superficie do local) e unha *cota variable por xeración de residuos*. Pola súa complexidade cómpre remitirse á metodoloxía e cálculos obrantes nas páxinas 19 a 29 do informe técnico-económico que obra no expediente.

A vixente e desactualizada estrutura tarifaria de actividades económicas (que comprende 127 tipos diferentes) non resulta axeitada para a aplicación da Lei 7/2022 polo que propónse unha nova estrutura que contén dezaoto sectores de actividade nos que as características dos residuos xerados son relativamente homoxéneas.

VI.- O artigo 5 regula supostos de redución de cotas.

Nos seus apartados 1 e 2 establécense reducións na cota variable:

- o apartado 1 do artigo 5 contempla unha redución do 65% da *cota variable para vivendas*, de aplicación a suxeitos pasivos que acrediten a “participación dos/as habitantes da vivenda na recollida separada de residuos” mediante o depósito de cada unha das fraccións no colector correspondente. Considerarase acreditada a “participación dos/as habitantes da vivenda na recollida separada de residuos”, mediante o depósito de cada unha das fraccións no colector correspondente se cumpren algunha das seguintes condicións:

- * que no ano inmediatamente anterior ao da imposición se teñan realizado depósitos de residuos no colector separado da fracción orgánica (colector marrón)
- * que a vivenda conte con composteiro domiciliario entregado polo servizo municipal de limpeza, sempre que non se constate o incumprimento ou falta de uso do mesmo
- * que no ano inmediatamente anterior ao da imposición se teña realizado, como mínimo, unha entrega a algún dos puntos limpos municipais
- * que no ano inmediatamente anterior ao da imposición se teñan depositado, como mínimo unha vez, residuos voluminosos (enseres) ou restos de podas de domicilios particulares, sempre que o depósito destes residuos teña sido comunicado e realizado de acordo co establecido polo servizo municipal de limpeza.

Para a aplicación desta redución na cota variable, será necesario que o servizo municipal de limpeza facilite aos servizos tributarios datos sobre os “comportamentos responsables”



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2024 10:16	Páxina 56 de 164
4675-1101	CSV: ADA2C4-A23HB1-AEA6E6-9WJG3H-72V374-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

mencionados anteriormente, sen prexuízo das comprobacións que realicen os propios servizos tributarios. Por non contar actualmente con datos suficientes sobre os comportamentos dos produtores de residuos de vivendas, entenderase que todas as vivendas cumpren algunha das condicións que dan dereito á redución do 65% da cota variable de vivenda (Disposición Transitoria Primeira do texto da ordenanza).

- o apartado 2 do artigo 5 regula unha redución do 40% da parte do coeficiente de actividade que exceda de 1 para todos aqueles establecementos que acrediten unha adecuada separación das diferentes fraccións de residuos e o correcto depósito nos colectores habilitados a tal efecto polo servizo municipal de limpeza, de acordo coa normativa aplicable. A ordenanza, neste caso, parte xa da presunción de que é unha realidade que todos os establecementos practican a separación das diferentes fraccións de residuos e o correcto depósito nos colectores habilitados polo que esta redución do 40% operará para todos os sectores de actividade. Sen embargo, esta redución poderá desaparecer naqueles casos nos que os servizos tributarios ou o servizo de limpeza constaten o incumprimento destas obrigas.

No apartado 3 regúlanse supostos de redución do 100% na cota tributaria de vivendas con residentes de economía vulnerable, con redacción idéntica á existente no artigo 4 da ordenanza vixente, ampliando os beneficios fiscais no caso vivendas nas que residan familias monoparentais, ao suprimir o requisito de que os/as fillos/as foran menores de 18 anos, por razóns de equidade. Cómpre facer constar que o artigo 24.4 establece que *"Para a determinación da contía das taxas poderán terse en conta criterios de capacidade económica dos suxeitos obrigados a satisfacelas"*. Incrementase na porcentaxe do 4% o importe dos ingresos brutos per cápita por debaixo dos que procederá a exención desta taxa para familias numerosas e no importe do 8% para o resto de familias. Incrementase, igualmente o valor catastral total dos inmobles por debaixo dos que os seus titulares teñen dereito a exención.

A aplicación destes beneficios durante o 2024 teñen suposto un gasto fiscal de 360.000€.

VII.- Por motivos de simplicidade na xestión da taxa, codifícanse no artigo 7 as normas de dita xestión que actualmente se atopan en diversos artigos da ordenanza vixente. Estas normas de xestión enmárcanse en dous apartados: o primeiro refírese a consideracións sobre a determinación das cotas e o segundo ás altas, variacións e baixas.

VIII.- Procede a supresión da Disposición Adicional vixente ao ter decaído a redución do canon unitario de tratamento aplicado por Sogama (Resolución da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático de data 22 de xullo 2024, publicada no DOG nº 142 do 23 de xullo de 2024).

IX.- Introdúcense dúas Disposicións Transitorias. A Primeira establece a presunción de que os/as ocupantes de todas as vivendas, como xa se indicou anteriormente, realizan algunha das seguintes accións: separación de residuos, utilización de puntos limpos, emprego de composteiros e entrega de enseres voluminosos e restos de poda, polo que se lle aplicará a todas as vivendas habitadas unha redución do 65% da cota variable. Esta redución terá vixencia ata que a ordenanza resulte modificada.

A Disposición Transitoria Segunda refírese ás cotas que deberán satisfacer os sectores de actividades económicas. Aínda que hai aproximadamente dez mil contribuíntes que realizan actividades económicas nas que as cotas derivadas da aplicación da Lei 7/2022 resultan inferiores ás pagadas no 2024, hai sen embargo algunhas que tiñan ata agora unha cota moi reducida que incumpre os criterios e condicións marcados pola Lei 7/2022. Se a aplicación desta Lei determina unha nova tarifa que supón un incremento relevante respecto do importe que pagaron no exercicio 2024, o contido desta Disposición Transitoria Segunda permitirá unha demora no pagamento íntegro da cota resultante. Dito noutros termos, producirase un incremento escalonado en varios exercicios ata chegar ao importe íntegro da cota.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2024 10:16	Páxina 57 de 164
4675-1101	CSV: ADA2C4-A23HB1-AEA6E6-9WJG3H-72V374-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

X.- Consta no expediente informe técnico-económico (artigo 25 do TRLRFL) que acredita que o importe da taxa non excede do custo real ou previsible do servizo e que non é deficitaria, dando así cumprimento ás esixencias tanto do TRLRFL como da Lei 7/2022.

3. INFORME SOBRE REPERCUSIÓN ORZAMENTARIA.

Para os efectos do disposto no artigo 129.7 da Lei 39/2015, faise constar a continuación a estimación da repercusión orzamentaria.

Segundo os datos extraídos do orzamento municipal do 2024, os ingresos previstos para lixo vivendas ascenden a 12.688.000€ e 5.460.000€ para lixo comercial.

Faise constar que debido á aplicación da Lei 7/2022 (pago por xeración), producírase un reaxuste nas correspondentes imputacións orzamentarias, minorando o concepto 302.00 (residuos comerciais) en 1.039.000€ e incrementando o concepto 302.01 en 1.648.000€.

Segundo o anterior e a proposta de modificación de tarifas incluída no presente expediente, o impacto orzamentario total para o 2025 respecto do 2024 nos conceptos orzamentarios 302.00 e 302.01 é de 609.000€ (incluíndo 204.711,62€ derivados da aplicación da Disposición Transitoria Segunda), contía que representa a diferenza entre 1.648.000€ e 1.039.000€.

Este apartado non se ve afectado significativamente pola corrección de erro de transcripción referida as cotas para vivendas contidas no Anexo, ao tratarse de decimais, como consta en dilixencia incorporada ao expediente.

4. INNECESARIEDADE DO TRÁMITE PREVISTO NO ARTIGO 133 DA LEI 39/2015.

A Sentenza do Tribunal Supremo de 31 de xaneiro de 2023 determinou a innecesariedade da consulta pública na tramitación das ordenanzas fiscais, fixando o seguinte criterio interpretativo:

"(...) el art. 17 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, que regula el procedimiento de elaboración y aprobación de las ordenanzas fiscales locales, constituye legislación especial por razón de la materia, por lo que, de conformidad con lo dispuesto en la disposición adicional 1ª, apartado 1, de la Ley de la Ley 39/2015, no resulta exigible seguir el trámite de consulta pública previsto en el art. 133.1 LPAC, como trámite previo al procedimiento de elaboración y aprobación de las ordenanzas fiscales establecido en el art. 17 TRLHL".

Tramitación da modificación.

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da LRBRL, artigos 15 a 19 do TRLRFL e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL.

Segundo informe do TEA do Concello de data 24 de xuño de 2020, «unha vez incorporados os correspondentes informes xurídicos, técnicos e económicos, será redactado Informe-Proposta e o expediente será remitido á Intervención Xeral. Expresamente se solicitará a dito órgano que "de conformidade co indicado polo TEACV, órgano competente para o Ditame sobre os Proxectos de Ordenanzas Fiscais, deberá informarse sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, suficiencia financeira e demais restricións orzamentarias que se puideran derivar do acordo proposto".

Con carácter potestativo poderá solicitarse ao TEACV, como ven sucedendo dende a creación deste, informe previo sobre a legalidade da Proposta de Proxecto que se somete a aprobación da Xunta de Goberno Local, a fin de que, tanto polos órganos políticos como polos administrativos, exista garantía sobre a conformidade no Ditame que será emitido con posterioridade á aprobación, no seu caso, da Proposta de Proxecto pola Xunta de Goberno Local. Así mesmo, e se este



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2024 10:16	Páxina 58 de 164
4675-1101	CSV: ADA2C4-A23HB1-AEA6E6-9WJG3H-72V374-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

órgano así o estima conveniente, complementa o control de legalidade de quen teña atribuída dita función nos asuntos que deban ser sometidos á consideración da Xunta de Goberno Local.

Unha vez aprobado o Proxecto pola Xunta de Goberno Local será novamente remitido ao TEACV, quen elaborará o correspondente Ditame. Incorporado o preceptivo Ditame, o expediente, agora xa completo, será remitido á Secretaría do Pleno a fin da súa posta de manifesto aos voceiros dos grupos municipais e para o seu estudio e debate en Comisión Informativa e no Pleno.

De producirse transaccións políticas na fase de Propostas de emendas que varíen a redacción do Proxecto, deberá remitirse novamente o texto modificado á Intervención Xeral para o referido informe sobre cumprimento de restricións orzamentarias como previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local do texto modificado e sometido a novo Ditame do TEACV.

O expediente co texto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEACV somete-rase a estudio e aprobación pola Comisión Informativa correspondente e será remitido para a súa aprobación provisional polo Pleno.

Producida dita aprobación provisional, exporase ao público por prazo de trinta días a fin de que, por quen teña a condición de interesado, poida ser plantexada a oportuna reclamación.

De ser presentadas reclamacións, determinarase previamente a admisibilidade das mesmas e, entre as admitidas, resolverase estimando ou desestimando as mesmas, dándose conta á Xunta de Goberno Local e remitíndose ao Pleno para aprobación definitiva. No caso de non presentarse reclamacións ou incorrer todas as presentadas en causa de inadmisibilidade, entenderase apro-bado o texto sen necesidade de remisión ao Pleno para a súa aprobación definitiva.

No caso de ser presentadas reclamacións admisibles contra o acordo de aprobación provisional, sexan estimadas ou non, procederá a remisión ao Pleno aos efectos da aprobación definitiva. No caso de que pola estimación de reclamación contra o Acordo de aprobación provisional se modifícase este, o texto da Ordenanza será remitido previamente ao TEACV para novo Ditame».

Á vista do anterior, esta Dirección de Ingresos e Xestión Catastral Delegada propón á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o seguinte Proxecto de **MODIFICACIÓN DA ORDENANZA Nº 16 FISCAL XERAL REGULADORA DAS TAXAS POLA RECOLLIDA DO LIXO (16) PARA A SÚA ADAPTA-CIÓN Á LEI 7/2022, PASANDO A DENOMINARSE ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA RECOLLIDA, TRANSPORTE E TRATAMENTO DE RESIDUOS (16).**

ARTIGO 1 FEITO IMPOÑIBLE.

1. Constitúe o feito impoñible desta taxa a prestación do servizo de recollida, transporte e trata-mento de residuos de competencia local no termo municipal de Vigo, de acordo co establecido no artigo 12.5 da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.

2. Entenderase de recepción obrigatoria o servizo prestado a todas as vivendas e locais ou esta-blecementos nos que se realicen actividades económicas, nos termos previstos nos artigos 2.at), e 12.5.e.2) da Lei 7/2022. No caso dos locais sen actividade e dos aparcadoiros privados, queda-rán suxeitos á taxa e tributarán pola cota de dispoñibilidade do servizo prevista no artigo 4. Non están suxeitos á taxa os establecementos e vivendas en situación de ruína ou reforma.

3. *ELIMÍNASE*

4. *ELIMÍNASE*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2024 10:16	Páxina 59 de 164
4675-1101	CSV: ADA2C4-A23HB1-AEA6E6-9WJG3H-72V374-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ARTIGO 4 COTA

4.1 COTA VIVENDAS

4.1.1. A cota resultante polos servizos de recollida, transporte e tratamento dos residuos en vivendas consistirá nunha cota fixa por dispoñibilidade do servizo máis unha cota variable por xeración.

4.1.2. A cota fixa de dispoñibilidade destínase a sufragar o custo fixo do servizo e consiste nunha cantidade fixa anual de 94,33 € por cada vivenda.

4.1.3. A cota variable determínase pola cantidade de residuos xerada en cada vivenda en función do número de persoas que a habitan. A cota variable anual será a seguinte:

- Vivendas sen habitantes: 9,50 €
- Vivendas entre 1-3 persoas: 29,40 €
- Vivendas entre 4-6 persoas: 36,90 €
- Vivendas de máis de 6 persoas: 43,90 €

A efectos da contificación do número de habitantes da vivenda, tomarase o número de persoas que consten no padrón municipal de habitantes na data de devengo da taxa: 1 de xaneiro.

Así, as cotas resultantes para as vivendas que se derivan dos artigos 4.1, 5.1 e 5.3, así como dos cálculos que obran no informe técnico-económico, figuran en Anexo a este texto normativo.

4.2 COTA ESTABLECEMENTOS

4.2.1. Aos establecementos e locais aplicaráselle unha cota tributaria integrada por unha cota de dispoñibilidade do servizo máis unha cota variable por xeración:

Cota tributaria resultante= cota de dispoñibilidade do servizo + cota variable

4.2.2. A cota de dispoñibilidade do servizo determínase a partir da cota fixa base de dispoñibilidade, sobre a cal se aplica un coeficiente en función do tramo da superficie do local, segundo a seguinte fórmula:

$$Cd = Cb \times (1 + (Cs - 1) \times 0,65)$$

Onde:

Cd é a cota de dispoñibilidade para cada tramo de superficie

Cb é a cota fixa base de dispoñibilidade, que é igual á cota fixa de dispoñibilidade para vivendas (94,33 €)

Cs é o coeficiente de superficie do local

A cota de dispoñibilidade do servizo aplicarase a todos os locais e establecementos, con independencia da actividade realizada, incluídos os garaxes privados e os locais sen actividade.

Os valores do coeficiente de superficie (cs) son os seguintes:

TRAMO DE SUPERFICIE	COEFICIENTE
Ata 30 m ²	1,0
Máis de 30 ata 100 m ²	1,2
Máis de 100 ata 200 m ²	1,4
Máis de 200 ata 500 m ²	1,8
Máis de 500 ata 1.000 m ²	2,4
Máis de 1.000 ata 2.000 m ²	3,5
Máis de 2.000 m ²	5,0



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 08/11/2024 10:16

Páxina 60 de 164

4675-1101

CSV: ADA2C4-A23HB1-AEA6E6-9WJG3H-72V374-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

No caso dos garaxes privados, o tramo de superficie contifícase en función do número de prazas de aparcamento, de acordo co seguinte cadro:

TRAMO DE SUPERFICIE	COEFICIENTE
Ata 3 prazas	1,0
De 4 a 25 prazas	2,0
Máis de 25 prazas	3,0

Os locais sen actividade tributarán por unha cota de dispoñibilidade de contía idéntica á cota aplicable a vivendas sen habitantes (103,83 €).

4.2.3. A cota variable establécese como resultado de multiplicar a cota fixa base de dispoñibilidade pola parte que excede a unidade do coeficiente de actividade do sector no que se encadra o establecemento, e polo coeficiente do tramo de superficie do local:

$$Cv = Cb \times ((Ca - 1) \times Cs)$$

Onde:

Cv é a cota variable

Cb é a cota fixa base de dispoñibilidade, que é igual á cota de dispoñibilidade para vivendas (94,33 €)

Ca é o coeficiente de actividade e representa a cantidade e o tipo de residuos do sector correspondente por unidade de superficie

Cs é o coeficiente de superficie do local definido no precedente punto 4.2.2.

4.2.4. O coeficiente de actividade é unha cifra definida para cada un dos sectores de actividade ou tipoloxías do local ou establecemento.

O valor dos coeficientes de actividade foi calculado a partir dun indicador de xeración de residuos para as actividades do termo municipal de Vigo, sendo os valores os indicados na seguinte táboa:

SECTOR DE ACTIVIDADE	COEFICIENTE
Aloxamento	7,2
Restaurantes	6,9
Servizos de saúde con hospitalización / residencias	5,2
Centros educativos (colexios)	4,4
Bares e cafeterías	4,4
Supermercados e froiterías	3,7
Ocio nocturno	3,5
Alimentación	3,4
Deste xeito, e en cumprimento do acordado, procedeuse á apertura do correspondente trámite de información pública, aberto polo prazo de dous (2) meses, mediante a inserción dos cadanseus correspondentes anuncios no “Faro de Vigo” do 28.04.2023, no Diario Oficial de Galicia núm. 100, do 29.05.2023; Asemade procedeuse a recadar os informes informes sectoriais que resultan preceptivos nesta fase do procedemento, do xeito e co resultado que se indicará no corpo da presente.

Neste senso, consta incorporado ao expediente dixital de razón, dilixencia da xefa da oficina de rexistro da XMU, na que fai constar que “Plan Especial de infraestruturas e dotacións para a ubicación da Biblioteca Pública Estatal de Vigo”, incluíndo o resumo executivo, someteuse ao trámite de información pública, polo prazo de dous (2) meses, mediante a publicación de anuncios nun dos xornais de maior circulación da provincia (Faro de Vigo do 28 de abril de 2023), no Diario Oficial de Galicia (número 100, do 29 de maio de 2023) e na sede electrónica do Concello de Vigo. Durante o dito prazo non se presentou escrito de alegación algún.

En base a mesma, con data do 02.08.2023 o Secretario accidental da XMU subscribe certificación de exposición pública, do seguinte teor literal,“(..) C E R T I F I C O: Que, durante o período de información pública do expediente núm. 18662/411, do “Plan Especial de infraestruturas e dotacións para a ubicación da Biblioteca Pública Estatal”, incluíndo o resumo executivo, aberto polo prazo de dous (2) meses, mediante a publicación de anuncios nun dos xornais de maior circulación da provincia (Faro de Vigo, do 28 de abril de 2023), no Diario Oficial de Galicia (número 100, do 29 de maio de 2023) e na sede electrónica do Concello de Vigo, segundo consta na dilixencia asinada dixitalmente, en data do 31 de xullo de 2023, pola Xefa da Oficina de Rexistro da XMU, non se presentou escrito de alegación algún.(..)”.

B.3) Informes sectoriais posteriores á aprobación inicial

Durante a tramitación do correspondente procedemento, de carácter regrado, e segundo a vixente lexislación urbanística e sectorial de aplicación, e en cumprimento do disposto no acordo de aprobación inicial, foron recadados os informes sectoriais nesta fase do procedemento, no eido da administración do Estado e da nosa CCAA, de carácter favorable, ou que expresan a súa non incidencia ou improcedencia da dita emisión:

Informes Sectoriais da Administración do Estado:

- Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, informe de data 13.07.2023 (Doc. Núm. 230212636), no que conclúe, “(..)infórmase favorablemente a la normativa sectorial de telecomunicaciones, condicionado a la corrección de los errores contenidos en los apartados indicados (..)
- Ministerio para la Transición Ecolóxica e Reto Demográfico. Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, Informe de data 03.06.2023 (Doc. Núm. 230156872) de carácter enunciativo no caso de que o PEID supuxera a afección ou modificación das liñas de transporte eléctrico e a rede de hidrocarburos e gas do Estado.
- Ministerio de transportes, Mobilidade e Axenda Urbana. Portos do Estado, Informe de data 08.06.2023 (Doc. Núm. 230204482) favorable a presente actuación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2024 10:16	Páxina 137 de 164
4675-1101	CSV: ADA2C4-A23HB1-AEA6E6-9WJG3H-72V374-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Informes Sectoriais da CCAA Galega:

- Consellería de Cultura, Educación, Formación profesional e Universidades, Dirección Xeral de patrimonio cultural, Informe de data 26.07.2023 (Doc. Núm. 230221780) de carácter favorable, no que conclúe a modo de recomendación “cartografar os elementos de interese da estrutura vernácula, especialmente a localización e extensión do o muro tradicional, ao obxecto de telos en conta na futura ordenación pormenorizada do ámbito para que acaden unha axeitada integración na proposta.”
- Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Plan de Ordenación do Litoral. Secretaria xeral de ordenación do territorio e urbanismo, informe de data 04.07.2023 (Doc. Núm. 230203243) de carácter favorable, no que conclúe que “infórmase favorablemente o Plan especial de infraestruturas e dotacións para a localización da biblioteca pública do estado en Vigo en canto á súa adaptación aos principios, criterios e normas do Plan de ordenación do litoral”
- Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Instituto de Estudos do Territorio, informe de data 23.05.2023, no que conclúe a non necesidade de obtención do dito informe.
- Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, Axencia Galega de Infraestruturas, Informe de data 10.05.202, (Doc. Núm. 230133381) no que conclúe a non necesidade de informe, toda vez que non afecta a rede autonómica de Estradas de Galicia.

C) Da aprobación provisional

En data 10.05.2024 a Xunta de Goberno local do Concello de Vigo, en sesión ordinaria, adoptou o seguinte ACORDO: “(..)PRIMEIRO: Prestar aprobación provisional ao «Plan Especial de Infraestruturas e dotacións para a ubicación da Biblioteca Pública do Estado en Vigo », instrumento urbanístico de iniciativa pública promovido por esta administración, redactado pola entidade “Pereiro Arquitectos SLP”, conformado pola documentación técnica presentada no rexistro electrónico desta Xerencia Municipal de Urbanismo con data do 10.04.2024- (Doc. Núm. 240114152 e COD.SOL.: W1087351-2667), actualizada e refundida, que substitúe e anula a anteriormente remitida, e que inclúe a documentación preceptiva en soporte dixital , asinada con firma válida por un equipo multidisciplinar, conformado por- Pereiro Arquitectos SLP, Galaincontrol SL, Topag SL, e Noso Cooperativa. SEGUNDO: Someter o «Plan Especial de Infraestruturas e dotacións para a ubicación da Biblioteca Pública do Estado en Vigo » provisionalmente aprobado, co expediente completo debidamente dilixenciado, ao órgano competente en materia de urbanismo, para o seu informe preceptivo e vinculante no que se refira ao control de legalidade e tutela de intereses supramunicipales, así como ao cumprimento das determinacións establecidas nas Directrices de Ordenación do territorio e dos plans territoriais e sectoriais , consonte co previsto no artigo 75.e) da LSG e concordantes do seu Regulamento de desenvolvemento, que deberá ser emitido no prazo de (2) dous meses, a contar dende a entrada do expediente completo no rexistro da consellería competente. Transcorrido dito prazo sen que se tivese comunicado o informe recadado, se entenderá emitido con carácter favorable, podendo continuarse coa tramitación do plan.

Deste xeito, e en cumprimento do acordado, mediante oficio do 15.05.2024 asinado pola Concelleira delegada da Área de Urbanismo e Vivenda (Not. Núm. 5862-2024) remitiuse o presente expediente, provisionalmente aprobado, - á Dirección Xeral de Urbanismo, da actual Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas,- completo e debidamente dilixenciado, para o seu informe preceptivo e vinculante no que se refira ao control de legalidade e tutela de intereses supramunicipales, así como ao cumprimento das determinacións establecidas nas Directrices de Ordenación do territorio e dos plans territoriais e sectoriais, consonte co previsto no artigo 75.e) da LSG e concordantes do seu Regulamento de desenvolvemento; Con data 01.08.2024 remitiuse novo oficio a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2024 10:16	Páxina 138 de 164
4675-1101	CSV: ADA2C4-A23HB1-AEA6E6-9WJG3H-72V374-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

dita Dirección Xeral de Urbanismo, - en atención aos requirimentos por ela efectuados- dando cumprimento debido ao solicitado.

Así as cousas, con data 29.08.2024 a Directora Xeral de Urbanismo, emite o correspondente informe ao abeiro do previsto no artigo 75.e) da LSG, de carácter FAVORABLE, condicionado ao cumprimento das observacións nel formuladas. (Doc. Núm. 240258493 do expediente electrónico).

Deste xeito, con data 17.09.2024 (Doc. Núm. 240279784) o equipo redactor presenta no rexistro electrónico desta XMU, documentación técnica a vista do referido informe favorable emitido pola Dirección Xeral de Urbanismo, dando cumprimento debido as observacións nel realizadas.

Elevado o expediente, a arquitecta xefa do departamento de desenvolvemento urbanístico, en data 18.09.2024 emite informe técnico favorable, ao presente trámite de aprobación definitiva, co seguinte contido:

"(..) No informe técnico emitido e asinado pola técnica que subscribe de data 17/04/2024 para á Aprobación Provisional do PEID especifícase no seu último apartado tramitación a obriga de obter o Informe previo á Aprobación Definitiva,

Segundo os artigos 75.1.e. da LSG e 186.1.e. do RLSG ao ser un plan non previsto no planeamento requirirá a previa emisión do informe preceptivo e vinculante no que se refire ao control da legalidade e a tutela dos intereses supramunicipais, así como o cumprimento das directrices de ordenación do territorio e dos plans sectoriais. O plan será aprobado provisionalmente e sometido co expediente completo debidamente dilixenciado ao informe da Dirección Xeral de Urbanismo para o informe preceptivo.

Solicitado dito Informe o 15/05/2024 xuntando a documentación técnica mais o expediente administrativo e tralo requirimento de nova documentación, foi emitido informe o 29/08/2024 pola Directora Xeral de Urbanismo de carácter favorable, no que expresa:

"...emítase informe previo á aprobación definitiva do Plan especial de infraestruturas e dotacións para a localización da Biblioteca Pública Estatal do Concello de Vigo, favorable condicionado ao cumprimento das observacións formuladas no punto II.2 anterior."

O mentado apartado II.2 fai referencia a necesidade de completar a documentación gráfica xustificativa do artigo 158 do RLSG, apartados b.2) e c) e achegar a nova delimitación do PERI II-08.

Na documentación técnica achegada 17/09/2024, doc nº240279784, completase a documentación gráfica segundo o artigo 158.b.2 de redelimitación do novo ámbito, así como dos estremeiros que resulten afectados, e segundo o artigo 158.c do documento refundido que reflicta tanto as novas determinacións como as previas que queden en vigor, co fin de substituír a antiga documentación. Incorporase na carpeta 08 MOD_ODPXOM tres pdfs nos que se recolle a delimitación final del PERI II-08 Tomás A. Alonso estremeiro e a nova ordenación substituída da anterior.

En conclusión e entendendo cumprido o condicionado do Informe da Dirección Xeral de Urbanismo de 29/08/2024, remitiendome en todo o demais no informe emitido por esta técnica en data 17/04/2024 polo que procede elevar o expediente ao órgano competente para a Aprobación Definitiva.

Nota.-En canto ao segundo condicionado, de tipo administrativo acreditativa da necesidade de dar audiencia aos propietarios afectados xustifícase no informe proposta(..)".



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2024 10:16	Páxina 139 de 164
4675-1101	CSV: ADA2C4-A23HB1-AEA6E6-9WJG3H-72V374-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Pola súa banda, e no que respecta a observación efectuada pola Dirección xeral de Urbanismo, respecto á que non se procedeu a dar audiencia aos propietarios/colindantes afectados pola presente actuación, compre indicar o que segue:

De acordo co citado e vixente PXOU-93 e a súa Modificación puntual núm. 15, os terreos obxecto da da presente actuación, clasifícanse como solo urbano coa ordenanza 3.1 e 4.5 de outras institucións e en parte como solo urbano remitido ao «Plan especial PERI II-08 Tomás A. Alonso ».

Así, mediante a modificación puntual núm. 15 do PXOU/1993, definitivamente aprobada o día 29.05.1998 . foron detraídos 10.082 m² de solo do ámbito do PERI.

Deste xeito, a delimitación do presente PEID abrangue unha superficie de 6.578 m² detraídos a súa vez dos 10.082 m² de solo de titularidade integramente municipal, -operados pola MP núm. 15 do PXOU/1993- polo que, non é necesaria a audiencia aos colindantes afectados pola ordenación prevista no PEID, xa que é o propio Concello de Vigo.

II.- FUNDAMENTOS DE DEREITO / VALORACIÓN XURÍDICA

I.- Normativa examinada

- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG)
- Real decreto lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana;
- Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do solo de Galicia (RLS),
- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental
- Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade.
- Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia (derrogada agás no relativo ao parágrafo primeiro do apartado 1 do artigo 40 e no apartado 1 do artigo 44).
- Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de Accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Lei 7/2017, do 14 de decembro, de medidas da eficiencia enerxética e garantía da accesibilidade á enerxía eléctrica
- Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído.
- Lei 9/2014, do 9 de maio, Xeral de Telecomunicacións.
- Lei 3/2013, do 20 de maio, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia
- Lei 5/2016, do 4 de maio, de Patrimonio cultural de Galicia,
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local),
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas),
- Lei de Rehabilitación e de rexeneración e renovación urbana- Lei 1/2019, do 22 de abril, e as súas modificacións,
- Normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia (NNTT), aprobadas pola Orde do 10.10.2019 da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Vivenda (DOG 25.11.2019),
- Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: versión consolidada A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000),
- PXOU-93. Expediente de subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á LASGA (Lei 11/85, de 22 de agosto de adaptación do solo a Galicia.
- O resto de disposicións que puideran afectar,

II. Descrición do ámbito, obxectivos e natureza xurídica

O artigo 73 da vixente LSG 2/2016, determina que os PEID teñen por obxecto entre outros, o establecemento e a ordenación das infraestruturas relativas ao sistema de comunicacións,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2024 10:16	Páxina 140 de 164
4675-1101	CSV: ADA2C4-A23HB1-AEA6E6-9WJG3H-72V374-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

transportes, espazos libres públicos, equipamento comunitario; e deberán conter as determinacións adecuadas a súa finalidade.

Os terreos delimitados no presente PEID sitúanse no barrio de Coia na contorna de Praza América da cidade de Vigo, nun baleiro urbano con vocación dotacional. Linda ao norte e Leste coa avenida Ricardo Mella, e ao Sur coa rúa Caramuxo e ao Oeste con solos urbanos de uso industrial.

A delimitación abarca 6.578 m² de titularidade municipal, correspondéndose con dúas parcelas catastrais con referencias 1946936NG2714N0001MH e 1946937NG2714N0001OH, obtidas mediante o sistema de expropiación por esta administración (Exp. 240/413) .

A Revisión do PXOM en tramitación (Exp. 15313/411) incorpora o ámbito como sistema de equipamentos en solo urbano consolidado.

O plan especial pretende mellorar a ordenación vixente e a articulación de espazos libres públicos e incorporar o uso necesario para a Biblioteca Pública do Estado en Vigo, describíndose e xustificándose polo miúdo na documentación presentada os obxectivos propostos , buscando un elemento de transición entre a cidade consolidada e o modelo de asentamento alén do camiño do Chouzo e a obtención dun espazo público de uso e de encontro colectivo que ordene e coordine os equipamentos públicos existentes na contorna.

Neste senso, a súa natureza é a dun plan de desenvolvemento, dos relacionados nos artigos 70 e 73 da LSG e nos artigo 183 do seu Regulamento de desenvolvemento, coas finalidades, obxecto e documentación que neles se describen.

III. Integridade documental do expediente e actuacións administrativas realizadas

O Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións, que neste intre se somete a aprobación definitiva consiste na documentación técnica presentada no Rexistro electrónico desta XMU con data do 10.04.2024 (Doc. Núm. 240114152) e con data 17.09.2024 (Doc. Núm. 240279784) polo equipo redactor- Pereiro Arquitectos SLU, conformado pola documentación que de seguido se relaciona, dando cumprimento ao artigo 184 do RSLS, isto é: A) Memoria informativa, B) Memoria xustificativa, C) Normativa do Plan Especial, D) Avaliación económica da actuación, E) Catálogo, F) Avaliación ambiental estratéxica. Alternativas, G) Anexos, H) Planos d información e de ordenación; o documento presentado en data 17.09.2024 da debido cumprimento as observacións efectuadas no amentado informe da Dirección Xeral de Urbanismo de data 29.08.2024.

Sobre a suficiencia e conformidade da documentación supra relacionada e da ordenación proposta, informou con datas 17.04.2024 e 18.09.2024 a arquitecta xefa do departamento de desenvolvemento urbanístico, con carácter favorable, indicando que a documentación esta completa, e procede a súa aprobación definitiva.

IV. Formulación dos Plan Especiais

No que respecta a súa formulación, o artigo 74 da LSG e no mesmo senso o artigo 185 do seu Regulamento de desenvolvemento, estipula que os plans especiais poderán ser formulados polos Concellos, pola administración autonómica, por outros órganos competentes no ámbito urbanístico e polos particulares lexitimados para facelo.

V. Avaliación ambiental estratéxica

Consta como se ten significado no corpo da presente, Resolución do 02.12.2021 ditada pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, pola que se formula o informe ambiental estratéxico relativo ao "Plan especial de Infraestruturas e Dotacións para a localización



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2024 10:16	Páxina 141 de 164
4675-1101	CSV: ADA2C4-A23HB1-AEA6E6-9WJG3H-72V374-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

da Biblioteca Pública Estatal de VIGO”, no que se resolve non sometelo ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria , ao concluír que tendo en conta o resultado das consultas realizadas e de conformidade cos criterios do anexo V da Lei 21/2013, posto que non se prevén efectos ambientais significativos.

VI. Procedemento de tramitación

O presente PEID ten a natureza dun instrumento de planeamento de desenvolvemento non previsto no PXOM/1993, poren a súa tramitación e aprobación axustouse as regras establecidas no artigo 75 da LSG e 186 do seu Regulamento de desenvolvemento, do xeito e co resultado que se detallou polo miúdo no relato de feitos do presente informe.

Xa que logo, debidamente cumprimentados os anteditos trámites, procede que por parte do Pleno do Concello se acorde a súa aprobación definitiva.

O Plan definitivamente aprobado someterase ás esixencias de publicidade que dispón o artigo 82 da LSG en relación co artigo 87 e 88 do mesmo corpo legal, e 199 do seu Regulamento de desenvolvemento, á inscrición do instrumento no Rexistro de planeamento urbanístico de Galicia, e ao que dispoña a tal efecto a lexislación de réxime local.

Dito instrumento de planeamento urbanístico será inmediatamente executivo trala a súa entrada en vigor, segundo o disposto no amentado artigo 82 da LSG.

VII. Órgano competente

Resulta competente para a adopción do presente acordo o Pleno do Concello de Vigo, (artigos 75.4 LSG e artigo 123.1.i), previo ditame do Consello da XMU (artigos 3º.1 e 10º.1.a) dos Estatutos da XMU(AD versión consolidada aprobada polo Pleno o día 06.09.2010 -BOP nº.193, do 06.10.2010) na súa condición de comisión informativa do Pleno (artigos 122.4.a) LRBRL e 47 e ss. ROF).

Polo anteriormente exposto, e sen prexuízo do que corresponda informar preceptivamente polo Secretario da XMU Secretario Xeral do Pleno, [art. 13 Estatutos da XMU, art. 3.3.d) 7º RD 128/2018 de 16 de marzo], así como polo Interventor Xeral Municipal, propónse ao Pleno do Concello de Vigo, a adopción do seguinte.../...»

Deseguido os funcionarios informantes emiten a proposta que figura na parte dispositiva deste acordo,

DITAME: O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo en data 24 de setembro de 2024, ditamina favorablemente o presente expediente.

Con data 25 de setembro de 2024, o secretario xeral do Pleno a da Xerencia Municipal de Urbanismo emite informe de conformidade coa proposta.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

VOTACIÓN: Con vinte e dous (22) votos a favor, dos membros presentes do grupo municipal Socialista (17), señores e señoras Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular (5), señoras e señores Benavides



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2024 10:16	Páxina 142 de 164
4675-1101	CSV: ADA2C4-A23HB1-AEA6E6-9WJG3H-72V374-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez; e tres (3) abstencións dos membros do grupo municipal d BNG, señora e señores Abalde Comeaña, Martínez Piñeiro, Pérez Igrexas, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación, con carácter definitivo ao «Plan Especial de Infraestruturas e dotacións para a ubicación da Biblioteca Pública do Estado en Vigo», instrumento urbanístico de iniciativa pública promovido por esta administración, redactado pola entidade “Pereiro Arquitectos SLP”, conformado pola documentación técnica presentada no rexistro electrónico desta Xerencia Municipal de Urbanismo con data 10.04.2024- (Doc. Núm. 240114152 e COD.SOL.: W1087351-2667), e con data 17.09.2024 (Doc. Núm. 240279784 e COD.SOL.: W1166157-9881) actualizada e refundida, e que inclúe a documentación preceptiva en soporte dixital , asinada con firma válida por un equipo multidisciplinar, conformado por- Pereiro Arquitectos SLP, Galaincontrol SL, Topag SL, e Noso Cooperativa.

SEGUNDO.- Ordenar a publicación do presente acordo no Diario Oficial de Galicia (consignando a referencia do DOGA no que se publicou o informe ambiental estratéxico) e, posteriormente, remitir un exemplar do instrumento definitivamente aprobado en soporte dixital e debidamente dilixenciado á Consellería de Medio Ambiente, e Cambio Climático para a súa inscrición no Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia. Recibido o certificado de inscrición, publicarase a normativa no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, de conformidade co disposto no artigo 82 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e 199 do seu Regulamento da LSG (Real Decreto 143/2016).

TERCEIRO.- O contido íntegro do instrumento definitivamente aprobado estará dispoñible no seguinte enderezo electrónico [https://hoxe.vigo.org/movemonos/urbanismo_pxom2.php?lang=gal/#/](https://hoxe.vigo.org/movemonos/urbanismo_pxom2.php?lang=gal#/) no apartado de Planeamento de Desenvolvemento aprobado, e no portal de transparencia.

CUARTO.- Remitir un exemplar da documentación aprobada definitivamente, debidamente dilixenciada, aos correspondentes organismos da administración estatal e autonómica, con competencias sectoriais na materia, en atención as consideracións e/ou observacións realizadas nos nomeados informes sectoriais emitidos e que obran incorporados ao expediente de razón.

QUINTO.- Perante o presente acordo, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous (2) meses, a partir do día seguinte ao da súa publicación, de acordo co artigo 46.1 da LRXCA, perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sen prexuízo do exercicio doutras accións legais que se estimen convenientes.

Non obstante, a presente proposta non é vinculante e o órgano competente decidirá, co seu superior criterio, o que estime conveniente.”

.- **Incidencia. Neste intre, en cumprimento de acordo plenario, e a iniciativa da Presidencia, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.*

Mocións:

16.(177). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO A XUNTA DE GALICIA A ELABORAR E EXECUTAR UN PLAN ANUAL DE ATENCIÓN O RÍO LAGARES DENDE AUGAS DE GALICIA. EXPTE. PLENO 4637/1101.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2024 10:16	Páxina 143 de 164
4675-1101	CSV: ADA2C4-A23HB1-AEA6E6-9WJG3H-72V374-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 25 de setembro de 2024, número 4637/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Rodríguez Rodríguez, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O río Lagares é un dos principais atractivos do Concello de Vigo e nos últimos anos adquiriu especial relevancia grazas ao desenvolvemento de varios paseos fluviais incluídos na rede de Sendeiros Azuis.

O seu percorrido de 17 km esténdese polas parroquias de Santa Clara, Lavadores, Sárdoma, Santa Lucía da Salgueira, Freixeiro, Florida, Balaídos, Comesaña, Navia e Coruxo até a súa desembocadura na ría de Vigo a carón da praia de Samil, onde forma grandes zonas húmidas. Asemade, os seus afluentes nas parroquias de Bembrive e Valadares engaden magníficos paseos na súa contorna.

Augas de Galicia é unha entidade pública empresarial adscrita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade encargada da Administración Hidráulica de todo o territorio galego, que obriga á entidade á preservación de todas as cuncas hídricas. A pesar do seu carácter similar aos organismos autonómicos, compórtase como un auténtico chiringuito político da Xunta, con investimentos inexistentes dende hai máis de 15 anos no curso principal fluvial do Concello de Vigo.

A única actuación da Xunta de Galicia para facilitar a limpeza das canles e marxes do río Lagares é a desviación do mantemento dos tramos considerados urbanos ao Concello de Vigo cunha modificación feita aproveitando unha sentenza do Tribunal Supremo e un artigo do Plan Hidrolóxico Nacional que volveu a ser modificada hai dous meses e que inclúe tamén os terreos non urbanos debido ás continuas peticións deste Concello polo seu total abandono. Así, con total ocultismo, ceden todo o traballo no tramo fluvial da súa propiedade ao Concello de Vigo.

Coma sempre a Xunta dedícase a forzar esta práctica, estendida en todas as súas consellerías, de traspaso de competencias de todo tipo aos concellos sen o debido acompañamento dos fondos necesarios. En cambio, sí está a facer investimentos nos concellos do PP afíns e atrasando os plans dun xeito escandaloso nos concellos que o necesitan de verdade e que teñen o mesmo dereito a recibir axudas equivalentes.

Por tanto, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación dos seguintes

ACORDOS

Instar á Xunta de Galicia a:

- Elaborar e executar dende Augas de Galicia un plan anual de atención e limpeza do río Lagares.
- Proporcionar ao Concello de Vigo os fondos necesarios para realizar os traballos de mantemento nas zonas consideradas tramo urbano.
- Proceder de maneira urxente a retirada de especies invasoras de todo o tramo fluvial do río Lagares ou asignar os recursos necesarios para que o realice o Concello de Vigo, asumindo así a competencia da Xunta de Galicia.”



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2024 10:16	Páxina 144 de 164
4675-1101	CSV: ADA2C4-A23HB1-AEA6E6-9WJG3H-72V374-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN: Con vinte votos (20) a favor dos membros **presentes** do grupo municipal Socialista (17), señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, máis dos membros do grupo municipal do BNG (3), señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro, Pérez Igrexas; e cinco votos (5) en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 25.09.2024 (Rex. Nº 4637/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Rodríguez Rodríguez, "instando á Xunta de Galicia a elaborar e executar un plan anual de atención o río Lagares dende Augas de Galicia", cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

*.- **Incidencia.** Co permiso da Presidencia, sendo as 11:00 h., auséntase da sesión o concelleiro do grupo municipal socialista, Sr. Aneiros Pereira. Continúa o debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e catro (24) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.

17.(178). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PARA ESIXIRLLE A XUNTA DE GALICIA QUE TODOS OS CENTROS EDUCATIVOS VIGUESES DISPOÑAN DE ORIENTADORES E ORIENTADORAS, ASÍ COMO DOS E DAS ESPECIALISTAS NECESARIOS PARA GARANTIR A ATENCIÓN EDUCATIVA ADECUADA AOS NÓSOS NENOS E NENAS. EXPTE. PLENO 4638/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 25 de setembro de 2024, número 4638/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suarez, formula a seguinte,

MOCIÓN

"Xa o dixo Gandhi, "A verdadeira educación consiste en obter o mellor dun mesmo".

E de feito o artigo 29 dos Dereitos do Neno lémbra-nos que a educación debe estar encamiñada a desenvolver a personalidade, as aptitudes e a capacidade mental e física de cada neno e nena ata o máximo das súas posibilidades.

Pero, a diversidade é unha realidade social e, por tanto, unha realidade en cada centro docente, en cada comunidade educativa.

A administración que ten as competencias educativas, a Xunta de Galicia, tal como se indica na LOMLOE, ten que garantir unha educación de calidade para a totalidade do alumnado, sen ningún tipo de discriminación, manifestando un apoio directo e específico ás medidas de atención á diversidade e garantindo a inclusión educativa de todo o alumnado na atención personalizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2024 10:16	Páxina 145 de 164
4675-1101	CSV: ADA2C4-A23HB1-AEA6E6-9WJG3H-72V374-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

Pero esa non é a realidade que viven os centros educativos da nosa cidade.

Por todo o dito, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación do seguinte

ACORDO

- Esixirlle á Xunta de Galicia que todos os centros educativos vigueses dispoñan de orientadores e orientadoras, así como dos e das especialistas necesarios para garantir a atención educativa adecuada aos nosos nenos e nenas.”

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos membros presentes (24) da Corporación, dos vinte e sete (27) que constitúen o seu número legal de dereito e feito, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 25.09.2024 (Rex. Nº 4638/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, “esixirlle á Xunta de Galicia que todos os centros educativos vigueses dispoñan de orientadores e orientadoras, así como doas e das especialistas necesarios para garantir a atención educativa adecuada aos nosos nenos e nenas, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

*.- **Incidencia.** Sendo as 11:21 h., auséntase da sesión o Alcalde-Presidente, Sr. Caballero Alvarez, ocupando a Presidencia o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira. Continúa o debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e tres (23) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.

*.- **Incidencia.** Co permiso da Presidencia, sendo as 11:33 h., auséntase da sesión a concelleira do grupo municipal socialista, Sra. Mejias Sacaluga. Continúa o debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e dous (22) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.

18.(179). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO A XUNTA DE GALICIA Á INMEDIATA DEVOLUCIÓN DA PARCELA, ACTUALMENTE EN DESUSO, DA ANTIGA ESTACIÓN DE AUTOBUSES DE VIGO, UNHA VEZ CONCLUIDA A FINALIDADE QUE MOTIVOU A CESIÓN DA MESMA POLO CONCELLO DE VIGO Á XUNTA DE GALICIA. EXPTE. PLENO 4639/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 25 de setembro de 2024, número 4639/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2024 10:16	Páxina 146 de 164
4675-1101	CSV: ADA2C4-A23HB1-AEA6E6-9WJG3H-72V374-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

“A Estación de Autobuses de Vigo, da Avenida de Madrid, deixou de prestar servizo en decembro de 2022, ao trasladarse ao conxunto do espazo Vialia, nun terreo cedido polo Concello de Vigo á Xunta de Galicia, ao obxecto exclusivo da súa utilización como Estación Intermodal.

O terreo da antiga Estación de Autobuses da Avda. de Madrid foi cedido polo Concello de Vigo á Xunta de Galicia, fai máis de trinta anos con esa exclusiva finalidade. Desde a finalización da prestación do servizo, a que estaba destinada, no Concello de Vigo non tivemos ningunha comunicación da Xunta de Galicia para proceder a reintegrar o devandito espazo ao inventario municipal.

O concello de Vigo determina os usos dos espazos e, en concreto, esta parcela no PXOM próximo a aprobarse figura como zona verde, ao obxecto de paliar o déficit de zonas verdes nesa contorna poboacional.

Tamén o PXOM preveé, na devandita zona, unha reordenación de carácter xeral, aproveitando a nova ordenación urbanística, onde se configura unha ligazón entre a Avenida de Madrid e rúa Arquitecto Palacios, no marco dun cambio viario co obxectivo de mellorar as comunicacións na cidade.

Todo isto, fai imprescindible que de inmediato a Xunta de Galicia restitúa ao Concello de Vigo, dita parcela ao obxecto de proceder aos cambios anteriormente mencionados que mellorarán, de forma substancial a calidade de vida da zona e a mellora nas comunicacións para o conxunto da cidade.

Por tanto, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación do seguinte

ACORDO

- Instar á Xunta de Galicia á inmediata devolución da parcela, actualmente en desuso, da antiga Estación de Autobuses de Vigo, unha vez concluída a finalidade de que motivou a cesión da mesma polo Concello de Vigo á Xunta de Galicia.”

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN: Con catorce votos (14) a favor dos membros **presentes** do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, López Font, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia; e oito (8) votos en contra dos membros do grupo municipal do BNG (3), señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro, Pérez Igrexas, mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular (5), señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 25.09.2024 (Rex. Nº 4639/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, “*instando á Xunta de Galicia a inmediata devolución da parcela, actualmente en desuso, da antiga Estación de Autobuses de Vigo, unha vez concluída a finalidade que motivou a cesión da mesma polo Concello de Vigo á Xunta de Galicia*”, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2024 10:16	Páxina 147 de 164
4675-1101	CSV: ADA2C4-A23HB1-AEA6E6-9WJG3H-72V374-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

19.(180). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO A XUNTA DE GALICIA Á ASUNCIÓN DA DÉBEDA HISTÓRICA QUE TEN COA CIDADE DE VIGO, INCREMENTADA EN 470 MILLÓNS POLO SOBRECUSTO DA CONSTRUCCIÓN DO HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO, INCLUÍNDO NOS ORZAMENTOS AUTONÓMICOS PARA 2025, AS CORRESPONDENTES PARTIDAS QUE PERMITAN OS INVESTIMENTOS QUE ESTA CIDADE DEMANDA. EXPTE. PLENO 4640/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 25 de setembro de 2024, número 4640/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O Pleno do Concello de Vigo vén reclamando de forma insistente que o goberno do PP na Xunta de Galicia asuma a débeda histórica contraído con esta cidade nos xa máis de quince anos de goberno, primeiro de Feijoo e agora de Rueda.

A resposta, ata o momento, foi o silencio. Cada exercicio económico que se cumpre, esta débeda aumenta porque os investimentos da Xunta de Galicia na cidade de Vigo non están en consonancia coa importancia da cidade e co seu peso poboacional no conxunto de Galicia.

Os agravios incrementáanse ano tras ano e a traca final coñecémola a finais do mes de xullo, cando o Consello de Contas plasmou nun informe oficial que o Hospital Alvaro Cunqueiro tivo un sobrecusto de 470 millóns de euros, coa decisión do goberno de Feijoo de descartar o investimento público e entregar dita execución a un fondo de investimento.

Certamente, non é ningunha sorpresa este ditame do Consello de Contas. A opción de converter o hospital de Vigo en privado, xa o denunciabamos de forma reiterada significaba un custo moito maior que debían pagar os usuarios. Pero agora, confirmado polo Consello de Contas e especificando a cantidade concreta, supón un engadido á débeda histórica que a Xunta arrastra con esta cidade, despois de castigala de forma reiterada e, especialmente, co único hospital privado de toda Galicia.

Se a débeda histórica que viñamos denunciado, aprobada por este Pleno, era de centos de millóns, agora debemos engadirle eses 470 millóns produto dunha estafa do goberno do PP á cidade de Vigo.

Por tanto, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación do seguinte

ACORDO

- Instar á Xunta de Galicia á asunción da débeda histórica que ten coa cidade de Vigo, incrementada en 470 millóns polo sobrecusto da construción do Hospital Alvaro Cunqueiro, incluíndo nos Orzamentos autonómicos para 2025, as correspondentes partidas que permitan os investimentos que esta cidade demanda.”

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2024 10:16	Páxina 148 de 164
4675-1101	CSV: ADA2C4-A23HB1-AEA6E6-9WJG3H-72V374-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

VOTACIÓN: Con dezasete votos (17) a favor dos membros **presentes** do grupo municipal Socialista (14), señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, López Font, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais dos membros do grupo municipal do BNG (3), señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro, Pérez Igrexas; e cinco votos (5) en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 25.09.2024 (Rex. Nº 4640/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, "*instando á Xunta de Galicia á asunción da débeda histórica que ten coa cidade de Vigo, incrementada en 470 millóns poo sobrecusto da construción do Hospital Alvaro Cunqueiro, incluído nos Orzamentos autonómicos para 2025, as correspondentes partidas que permitan os investimentos que esta cidade demanda*", cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

20.(181). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO A XUNTA DE GALICIA A REACTIVAR DE FORMA INMEDIATA E URXENTE A "COMISIÓN MIXTA PARA A INTEGRACIÓN DA REDE GALEGA DE TRASTORNOS ADITIVOS NO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE". INSTANDO A QUE DOTE NOS ORZAMENTOS DA XUNTA DO 2025 A PARTIDA NECESARIA PARA MATERIALIZALO E MENTRES ESTA NON SE PRODUZA, A XUNTA ASUMA Á CONTRATACIÓN DO PERSOAL PARA A COBERTURA DAS VACANTES. EXPTE. PLENO 4641/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 25 de setembro de 2024, número 4641/1101, a concellira do grupo municipal Socialista, Sra. Aguiar Castro, formula a seguinte,

MOCIÓN

"O Concello de Vigo, xunto a outros doce concellos galegos, levan máis de unha década reivindicando que as Unidades de Atención a Persoas Drogodependentes sexan asumidas pola administración competente, que non é outra que a Xunta de Galicia, mediante a súa integración no sistema público de saúde.

Non existe discusión algunha de que a adicción é unha enfermidade, polo que ten que ser o sistema público de saúde o responsable de ofrecer a atención necesaria, de xeito integral, en igualdade de condicións que ante calquera outra enfermidade.

Así o di, a Lei Xeral de Sanidade: "son os departamentos de saúde das comunidades autónomas (neste caso o Sergas) os que exclusivamente teñen as competencias da atención sanitaria das diferentes enfermidades".

Así se recolle tamén na Recomendación novena do Acordo da Comisión Mixta para o Estudo do Problema das Drogas, relativo ao informe da Ponencia para o estudo dos efectos nocivos das drogas na saúde dos mozos e das mozas: "O Sistema Nacional de Saúde debe de asumir a asistencia ao drogodependente en termos de igualdade e equidade co resto de pacientes".



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2024 10:16	Páxina 149 de 164
4675-1101	CSV: ADA2C4-A23HB1-AEA6E6-9WJG3H-72V374-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Do mesmo xeito, a Oficina das Nacións Unidas para o Control da Droga (UNDCP) tamén considera esencial a integración dos servizos de tratamento e rehabilitación de drogodependentes nos sistemas sanitarios xerais, rexeitando a creación de redes paralelas ou específicas.

Proba disto é que no Real decreto 1911/99 do 17 de decembro, polo que se aproba a Estratexia Nacional sobre Drogas 2000-2008, que, lembremos, fora aprobada co consenso do conxunto das comunidades autónomas, indica que: “En materia de asistencia aos enfermos drogodependentes a principal aposta radica en que ésta deberá realizarse a través do Sistema Nacional de Saúde”.

E entre as principais metas desta estratexia nacional, sinalábase, como obxectivo nº 5: “Adecuar a rede asistencial existente nas Comunidades Autónomas co fin de axustala ás novas necesidades que poida plantear o fenómeno. Esta adecuación debe manter o impulso de integración e normalización das redes asistenciais nos Sistemas Públicos de Saúde...”.

Despois de máis de unha década de demanda por parte dos Concellos de Galicia titulares de UMAD’s para que a Xunta de Galicia incorpore ao sistema público de saúde da CCAA estas unidades asistenciais, o Goberno da Xunta do Partido Popular segue a facer deixación das súas competencias propias.

Xa no ano 2018, constituíuse unha comisión mixta coa Consellería de Sanidade co fin de pactar a transferencia á Xunta: Resultado: inacción do goberno do PP, sen resultado algún.

O 23 de marzo de 2021, o Parlamento de Galicia aprobou unha moción na que se instaba á Xunta de Galicia a iniciar o procedemento para incorporar ao SERGAS aos profesionais e servizos sanitarios de saúde mental que prestan os servizos dependentes das administracións locais.

A Xunta de Galicia tardou case un ano en volver a constituir a comisión de transferencias que naceu (para nada) o 19 de decembro de 2022, co compromiso de integración plena antes do 31 de decembro de 2023.

O cronograma pactado para a transferencia, absolutamente burlado pola Xunta de Rueda, nin reunións, nin cumprimento dos compromisos adquiridos de ir cubrindo as vacantes que se foran producindo nas plantillas dos Concellos e integralas progresivamente no Sistema Público de Saúde.

A día de hoxe, nada do pactado, antes ao contrario, o novo cronograma remitido unilateralmente pola Xunta de Galicia (unha vez máis) para abordar esta cuestión, volver a adiar as conversas ao ano 2025.

Namentras, remiten de novo un convenio aos Concellos, que no caso de Vigo, non só non actualiza as contías ridículas da subvención ao incremento do IPC e dos salarios, senón que rebaixa a contía con respecto ao exercicio anterior, a pesares de que o Concello de Vigo ten xustifico un gasto de 1,3 millóns de euros, para recibir unha subvención de pouco máis de 500.000 euros.

En todo caso, o peor non é este abuso sobre a autonomía financeira do Concello de Vigo, o peor e sen dúbida o máis importante, é a vulneración dos dereitos das persoas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2024 10:16	Páxina 150 de 164
4675-1101	CSV: ADA2C4-A23HB1-AEA6E6-9WJG3H-72V374-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

enfermas, que non están a recibir o servizo integral dentro do servizo público de saúde ao que teñen dereito.

A Xunta de Galicia despois de ter incumprido o cronograma e a folia de ruta marcada “motu proprio”, segue a tomar o pelo aos Concellos, **adiando, unha** vez máis a dita transferencia, co fin de que as persoas enfermas reciban a asistencia sanitaria integral á que teñen dereito.

Polo anteriormente exposto, o grupo municipal do PSOE somete á consideración do Pleno a aprobación dos seguintes acordos:

ACORDOS:

- Instar á Xunta de Galicia a reactivar de forma inmediata e urxente a “Comisión Mixta para a integración da rede galega de trastornos aditivos no Servizo Galego de Saúde”, para dar cumprimento ao acordo do Parlamento de Galicia de integración das UMAD no Servizo Público de Saúde de Galicia, e en concreto, de CEDRO en Vigo.
- Instar á Xunta de Galicia a que dote nos orzamentos da Xunta de Galicia de 2025 a partida orzamentaria necesaria para materializar a dita transferencia antes do 31 de decembro de 2025, facéndose cargo de todos os custes.
- Instar á Xunta de Galicia a, entanto non se produza a transferencia total, asuma (tal e como se comprometeu no mes de abril 2024) á contratación do persoal que cause baixa por mor de xubilacións e á cobertura de vacantes.”

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN: Con dezasete votos (17) a favor dos membros **presentes** do grupo municipal Socialista (14), señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, López Font, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais dos membros do grupo municipal do BNG (3), señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro, Pérez Igrexas; e cinco votos (5) en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 25.09.2024 (Rex. Nº 4641/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Aguiar Castro, *“instando á Xunta de Galicia a reactivar de forma inmediata e uxente a “Comisión Mixta para a integración da rede galega de trastornos aditivos no Servizo Galego de Saúde”. Instando a que dote nos orzamentos da Xunta do 2025 a partida necesaria para materializalo e mentres esta non se produza, a Xunta asuma a contratación do persoal para a cobertura das vacantes”*, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

PARTE DE CONTROL

Mocións.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2024 10:16	Páxina 151 de 164
4675-1101	CSV: ADA2C4-A23HB1-AEA6E6-9WJG3H-72V374-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

*.- **Incidencia.** Sendo as 12:34 h., reincorporase á sesión plenaria a concelleira do grupo municipal socialista, Sra. **Mejías Sacaluga**. Continúa o debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e tres (23) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.

21.(182). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A PROMOCIÓN E PARTICIPACIÓN CIDADÁ E A XESTIÓN TRANSPARENTE NO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. PLENO 4642/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 25 de setembro de 2024, número 4042/1101, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula a seguinte,

MOCIÓN

PARA A PROMOCIÓN DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ E A XESTIÓN TRANSPARENTE NO CONCELLO DE VIGO

«EXPOSICIÓN DE MOTIVOS»

Democracia non é só votar cada catro anos. Democracia é tamén contar coa participación de todas e de todos, coa opinión da veciñanza e dos colectivos sociais, para definirmos colectivamente que cidade queremos ser, que modelo de cidade queremos construír e que tipo de políticas aplicar. Unha democracia real e plena ten que permitir a participación directa e protagónica da cidadanía na toma de decisións, sen limitala aos procesos electorais e a súa expresión representativa. No ámbito municipal, por ser o máis próximo, ese principio tórnase unha necesidade imperativa que ademais nos últimos anos ten constituído unha reiterada e enfática demanda social.

A abordaxe das cada vez máis complexas necesidades e problemas sociais, esixe respostas que vaian para alén do mecanicismo técnico ou da imposición unilateral por parte das administracións. Neste sentido, cobra especial relevancia a participación cidadá, concibida como calquera tipo de práctica social a través da que a veciñanza ten a posibilidade material de incidir sobre a política ou sobre calquera dimensión do colectivo.

Para alén, do que supón de mellora da calidade democrática e das propias políticas públicas, a promoción da participación cidadá como elemento basilar dun xenuíno modelo de Goberno Aberto ten evidentes beneficios:

- Axuda a xerar confianza nas institucións e fortalecer a ligazóns sociais.
- Contribúe a orientar a xestión do público cara a políticas que atendan, de verdade, as necesidades da cidadanía.
- Posibilita o aproveitamento da intelixencia colectiva na toma de decisións públicas.
- Contribúe á construción dunha cidadanía máis activa, con maior coñecemento e capacidade de análise crítica para afrontar os problemas do seu entorno.
- Incrementa a sensibilización e concienciación da sociedade, a vontade colectiva de cambio e promove o fortalecemento da propia cidade como comunidade humana e non apenas como un espazo.
- Fomenta a integración e a creación de redes e tecido a nivel social.
- Contribúe a perfeccionar as decisións públicas e avanzar en termos de eficiencia.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2024 10:16	Páxina 152 de 164
4675-1101	CSV: ADA2C4-A23HB1-AEA6E6-9WJG3H-72V374-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

As transformacións que fixeron medrar e avanzar Vigo sempre tiveron un denominador común. Foron resultado do empurre popular, da forza da xente, da suma de vontades das viguesas e dos vigueses. Somos unha cidade tan diversa como combativa, tan plural como solidaria, tan complexa como determinada a enfrontar, xuntos e xuntas os retos que se nos poña no camiño. E eses elementos que nos definen teñen cristalizado tamén na existencia dun vizoso tecido asociativo, nun activo entramado de movementos sociais que dinamizan a cidade nos seus diferentes ámbitos e que son unha xenuína expresión de espazos de participación.

O Concello de Vigo colocouse nunha posición referencial de vangarda, facendo do Regulamento de Participación Cidadá e a política de promoción activa do asociacionismo impulsado en 1991 polo BNG desde o Goberno municipal un exemplo de compromiso por facilitar o exercicio efectivo do dereito fundamental de participación pública, consubstancial á democracia, e que fica consagrado en ampla normativa tanto europea, estatal, autonómica.

No entanto, ese impulso ten decaído dando lugar a un crecente autoritarismo e a permanente xordeira no relacionamento do Goberno municipal co tecido asociativo e co conxunto da veciñanza. Unha situación que urxe revertir con máis diálogo, máis transparencia e máis participación para devolverlle o Concello ás viguesas e aos vigueses.

Na cidade de Vigo temos asistido nos últimos anos a un grave retroceso no referido á participación cidadá, sendo patente a nula disposición ao diálogo por parte do Goberno municipal e a laminación daqueles colectivos e entidades que se amosan críticos coa súa xestión. Son, neste sentido, numerosas as críticas e denuncias formuladas por diversos colectivos e movementos sociais que advirten da necesidade de mellorar os mecanismos previstos para a participación cidadá no Concello de Vigo, para facer imperativo o seu dereito a seren escoitados e atendidos e a que a súa opinión sexa efectivamente tida en conta no proceso de toma de decisións. Todo isto fai imprescindible dotarmos a cidade e especificamente o Concello de mecanismos máis efectivos e útiles para facilitar e dinamizar a participación do conxunto da veciñanza.

Polo que, o Bloque Nacionalista Galego propón ao Pleno a adopción dos seguintes

ACORDOS:

Primeiro.- Instar o Goberno municipal a iniciar, de maneira inmediata, o proceso de elaboración dun novo Regulamento Municipal de Participación cidadá, que se asente nos seguintes principios:

- I Elaboración participativa do orzamento municipal.
- II Revitalización dos consellos sectoriais municipais existentes, e a creación daqueles que foren precisos (incluída a recuperación do Consello Sectorial de Urbanismo), configurándoos como espazos efectivos para a co-decisión, dotándoos de competencias claras e asegurando a súa convocatoria regular.
- III Estabelecer novos mecanismos de control popular da acción do Goberno municipal e de dación de contas.
- IV Mellora dos medios de acceso público á información.
- V Creación dos Consellos Veciñais de Barrio ou Parroquia, concibidos como espazos de co-decisión nos asuntos que afecten o seu ámbito territorial.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2024 10:16	Páxina 153 de 164
4675-1101	CSV: ADA2C4-A23HB1-AEA6E6-9WJG3H-72V374-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

VI Regulamentación específica da concesión de subvencións municipais e do seu control e creación dunha Comisión específica con participación de toda a Corporación.

VII Maior descentralización administrativa e alargamento dos servizos municipais aos barrios e parroquias.

Segundo.- Instar o Goberno municipal á reforma do Regulamento Orgánico do Pleno para facilitar a promoción de iniciativas populares e a intervención de asociacións e colectivos nas sesións plenarias, así como para propiciar unha mellor representación da pluralidade política aumentando o dereito das diferentes formacións políticas con representación na Corporación no referido á presentación de iniciativas, accións de control e proposicións de carácter normativo, e facendo obrigatoria a realización anual do Debate do Estado da Cidade.

Terceiro.- Instar o Goberno municipal a promover as modificacións normativas que foren precisas para o reforzamento da figura da Valedoría da Cidadanía, dotándoa de capacidade efectiva e autonomía para o exercicio de funcións de contraloría municipal e salvagarda dos dereitos da veciñanza fronte ao Concello de Vigo, garantindo que a súa elección se materialice con mecanismos de maioría reforzada e consenso esixindo, entre outros, que a designación de persoas candidatas ao Pleno conte co apoio de máis de un Grupo Municipal.

Cuarto.- Constituír con carácter inmediato a Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións do Concello de Vigo, permitindo a participación directa do tecido asociativo e implementando mecanismos de seguimento e trazabilidade da resolución das mesmas.

Quinto.- Instar o Goberno municipal a promover a aprobación dun Regulamento de Xestión Transparente que inclúa medidas de monitorización pública e accesíbel da xestión municipal, como a creación dun visor económico web que permita a cidadanía coñecer detalladamente o grao de execución orzamentaria desagregada por capítulos, programas e aplicacións e tamén por barrios e parroquias, así como regular de maneira estrita e transparentar o uso de recursos públicos para gastos de carácter publicitario.»

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN: Con oito (8) votos a favor, dos membros do grupo municipal do BNG (3), señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas, e dos membros do grupo municipal do Partido Popular (5), señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez; e quince (15) votos en contra dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 25.09.24 (Rex. Nº 4642/1101), polo voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, *“Para a promoción da Participación Cidadá e a Xestión transparente no Concello de Vigo”*, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2024 10:16	Páxina 154 de 164
4675-1101	CSV: ADA2C4-A23HB1-AEA6E6-9WJG3H-72V374-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

22.(183). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO CONCELLO DE VIGO A INCREMENTAR AS PARTIDAS ECONÓMICAS DEDICADAS A AUTOXESTIÓN. AVALIAR A SITUACIÓN DOS CENTROS EDUCATIVOS DE VIGO EN REFERENCIA A CONSERVACIÓN E MANTEMENTO. IMPLANTAR MEDIDAS DE CONTROL SOBRE O SERVIZO DE LIMPEZA DOS CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS E INSTAR Á CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL A BUSCAR AXUDAS PARA O PAGO ANTICIPADO DAS AXUDAS DE COMEDOR ANTES DA FINALIZACIÓN DO ÚLTIMO CUADRIMESTRE. EXPTE. PLENO 4643/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 25 de setembro de 2024, número 4643/1101, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña, formula a seguinte,

“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE A SITUACIÓN DA XESTIÓN MUNICIPAL NOS CENTROS EDUCATIVOS DO CONCELLO DE VIGO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os centros educativos públicos de Vigo presentan un abandono xeneralizado no referido ás competencias propias do Concello.

Diferentes membros das comunidades educativas dos centros públicos de Vigo téñense manifestado alertando desta situación de claro desleixo municipal.

A falla de tarefas de conservación e mantemento dos edificios educativos por parte do Concello reflíctese na meirande parte dos centros.

A falla de vixilancia dos centros, cun servizo privatizado nalgúns casos, volve ser unha constante tanto no inicio como ao longo do curso.

A insuficiente limpeza das instalacións e patios e outra das queixas.

Ademais do exposto, por se fose pouco e debido a unha inexplicable falla de previsión, atopámonos cun novo elemento distorsionador.

Unha acertada medida compensatoria como son as becas de comedor lonxe de xerar tranquilidade teñen creado incerteza na comunidade educativa debido a súa a tardanza na publicación da convocatoria.

Pretendemos con esta moción poñer as bases para acadar como obxectivo que Vigo sexa unha cidade referente en materia educativa con respostas axeitadas por parte do goberno municipal ante as diferentes demandas das comunidades educativas dos nosos centros públicos.

Polos motivos expostos, instamos ao Concello de Vigo que o pleno tome os seguintes:

ACORDOS:

1º.- Incrementar as partidas económicas dedicadas a autoxestión dos centros educativos públicos da cidade de Vigo.

2º.- Proceder de forma urxente a avaliar a situación dos centros educativos públicos de Vigo de educación infantil e educación primaria con competencias



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2024 10:16	Páxina 155 de 164
4675-1101	CSV: ADA2C4-A23HB1-AEA6E6-9WJG3H-72V374-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

municipais en referencia a conservación e mantemento (situación cualificada como calamitosa por parte da propia concelleira delegada da área de Educación), establecendo un cronograma de investimentos atendendo á súa urxencia.

3º.- Implantar medidas de control sobre o cumprimento das obrigas da concesionaria do servizo de limpeza dos centros educativos públicos de Vigo.

4º.- Instar á Concellería de Política Social a buscar solucións alternativas que posibiliten o pago de xeito anticipado das axudas de comedor de cada centro educativo antes da finalización do último cuadrimestre do ano, segundo se recolle a base décimo terceira das bases reguladoras para a concesión de axudas municipais de libros, material e comedor para alumnos/as de centros públicos e privados concertados de educación infantil (2ª etapa) e Educación Primaria e Secundaria do Concello de Vigo.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN: Con cinco (5) votos a favor, dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez; tres (3) abstencións dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas; e quince (15) votos en contra, dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, López Font, Mejias Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 25.09.2024 (Rex. Nº 4643/1101), polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña, "instando ao Concello de Vigo a incrementar as partidas económicas dedicadas a autoxestión. Abvaliar a situación dos centros educativos de Vigo en referencia á conservación e mantemento. Implantar medidas de control sobre o servizo de limpeza dos centros educativos públicos e instar á Concellería de Política Social a buscar axudas para o pago anticipado das axudas de comedor antes de finalización do último cuadrimestre", e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

Resolucións.

23.(184). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS ENTRE O 31/08/24 E O 23/09/24, INCLUÍDAS NO EXPEDIENTE 1748/1102, (EXPTE. PLENO 4633/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas entre o 31/08/24 e o 23/09/24, incluídas no expediente 1748/1102.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións indicadas. O Pleno toma coñecemento das mesmas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2024 10:16	Páxina 156 de 164
4675-1101	CSV: ADA2C4-A23HB1-AEA6E6-9WJG3H-72V374-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

24.(185). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELEIROS/AS DELEGADOS/AS, DITADAS ENTRE O 31/08/24 E O 23/09/24, INCLUÍDAS NO EXPEDIENTE 1749/1102, (EXPTE. PLENO 4634/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións dos concelleiros delegados ditadas entre 31/08/24 e o 23/09/24, incluídas no expediente 1749/1102.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións indicadas. O Pleno toma coñecemento das mesmas.

25.(186). DAR CONTA DO PROXECTO DE OBRAS DE REFORMA DE FACHADA E ACONDICIONAMENTO DE LOCAL MUNICIPAL NA RÚA SANTIAGO (PASEO DE ALFONSO XII). EXPEDIENTE 12120/307. (EXPTE. PLENO 4619/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta da Resolución da Alcaldía, de data 8.08.24, que di o que segue,

“Por Resolución desta Alcaldía de data 28 de xuño de 2024 levouse a cabo a estruturación das áreas executivas e/ou materiais dirixidas polos sres./sras. Concelleiros/as do goberno municipal, e a conseguinte atribución xenérica de competencias. En virtude de dita resolución foi creada entre outras á Area de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade atribuíndose á súa titular a dirección/ xestión, organización/ planificación e coordinación da actuación na área a fin de acadar os obxectivos previstos.

Existindo unha serie de proxectos que, pola súa natureza e o seu carácter transversal, requiren dunha delegación especial de conformidade co sinalado no artigo 43.5.a) do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento, Réxime Xurídico e Funcionamento das Entidades Locais, esta Alcaldía-Presidencia en exercicio da potestade de dirección do goberno e das organizativas e estruturais que, en relación coa Administración Municipal, ostenta esta Alcaldía ex artigo 12.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a seguinte

PROPOSTA

Primeiro.- Delegar na Primeira Tenente de Alcalde e Concelleira Delegada da Área de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade, Dna. M^a del Carmen Silva Rego, e na súa concellería de patrimonio histórico, tódalas atribucións precisas para a dirección técnica e política, xestión, seguimento, tramitación e execución do proxecto de obras de REFORMA DE FACHADA E ACONDICIONAMENTO DE LOCAL MUNICIPAL NA RÚA SANTIAGO (PASEO DE ALFONSO XII). Tódalas xestións organizativas e procedimentais derivadas destas atribucións serán executadas polo servizo de Patrimonio Histórico.

Segundo.- Esta delegación enténdese sen prexuízo da modificación que sobre os créditos orzamentarios inicialmente previstos ou outras cuestións dos mesmos puidera efectuarse para garantir a correcta execución dos proxectos.

Terceiro.- Esta delegación de atribucións. de conformidade co sinalado no artigo 44 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, terá efecto dende o día seguinte ao da



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2024 10:16	Páxina 157 de 164
4675-1101	CSV: ADA2C4-A23HB1-AEA6E6-9WJG3H-72V374-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

data desta Resolución, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, rexéndose pola normativa de aplicación.

Cuarto.- Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que realice para o seu coñecemento.

Quinto.- Ordenar a súa publicación na rede Intranet ó obxecto do seu coñecemento polas distintas dependencias e unidades administrativas.”

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación da Resolución da Alcaldía de delegación na Primeira Tenente de Alcaldía tódalas atribucións precisas para a dirección técnica e política, xestión, seguimento, tramitación e execución do proxecto de obras de Reforma de Fachada e acondicionamento de local municipal na Rúa Santiago (Paseo de Alfonso XII. O Pleno toma coñecemento do mesmo.

26. Formulación de rogos.

26.1.(187). Rogo formulado polo concelleiro do grupo municipal do BNG, Sra. Martínez Piñeiro. “Que se poña en marcha unha Estratexia Local para a Abolición da Prostitución, contando na súa elaboración coa máxima participación do movemento feminista, e que inclúa un plan de accións concreto e definido con medidas de atención e apoio económico, laboral, social e psicolóxico destinadas ás mulleres prostituídas, o incremento das actuacións en contra do proxenetismo e do consumo de prostitución na cidade, así como o desenvolvemento de campañas de sensibilización e concienciación”.

26.2.(188). Rogo formulado polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña. “Rogamos ao goberno local que rectifique e converta ao Comité de Nadal nun órgano participativo coa presenza dos veciños afectados polos ruídos, os representantes do comercio, a hostelería, hotelería, así como os taxistas, transporte público, servizo de emerxencias e forzas e corpos de seguridade”.

27. Formulación de preguntas.

27.1.(189). Pregunta formulada pola concelleira do grupo municipal do BNG, Sr. Abalde Comesaña. “Por que razón o Goberno municipal se nega a elaborar unha ordeanza municipal que prohiba a instalación de gasoleiras a menos de 250 metros de vivendas, espazos de protección ambiental e patrimonial e outras zonas sensíbeis, tal e como propuxemos reiteradamente o BNG e como están a facer outros concellos no exercicio das súas competencias?”

27.2.(190). Pregunta formulada polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña. “¿Por qué motivo aínda non se ten autorizado o cambio de representante municipal do Partido Popular no Consorcio do Casco Vello, de Luisa Sánchez Méndez, en substitución de Marta Fernández-Tapias, paralizado na alcaldía dende o día 14 de maio pasado?”



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2024 10:16	Páxina 158 de 164
4675-1101	CSV: ADA2C4-A23HB1-AEA6E6-9WJG3H-72V374-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ANEXO ARQUIVO AUDIOVISUAL

Asunto : Pleno ordinario Setembro 2024
Legislatura: Mandato 2023-2027
Órgano : Pleno
Fecha Inici: Lunes, 30 de Septiembre de 2024 09:03:29
Fecha Fin : Lunes, 30 de Septiembre de 2024 13:01:38
Duración : 03:58:09

- HTML

https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas.jsp?id=3489

- Media (MASTER)

[1] Video Windows Media, 720p, Stereo, 3.1 GiB
Url - <https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/IiAin8a6kXhsFNRQ8NSsQALiUXWk6nahA-vTQEKzdY20zptM7.wmv>
SHA512 - 192b63f7074fbb06affdfd8311cad5fab8ae84017398a2fbeb00e5799edb1e671fd9e4542578bfb4cda29662b2df0a259174b28a29bd28b0857f3a202a9b8d20

- Media (PROXYS)

[1] Video H264, 480p, Stereo, 1.3 GiB
Url - <https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/40SnERD17iZQ8GpyxSzJ02EzClKWTgqki-FyCcHlTbj4o3dJ3.mp4>
SHA512 - 5f05a6c50f582416a8998e935bfa0bfde87d1d8e078ea6a716984ed7eb2071c98a8e63fd7347967525bec6f13b25d9989595c5516755343158e424de713b3f75

- Minutaxe

00:00:01 - Asistentes : Caballero Álvarez, Abel; Interventor; Secretario; Espinosa Mangana, Elena; López Font, Carlos; Aguiar Castro, Yolanda; Rivas González, Angel; Alonso Suarez, María Olga; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Estévez Rodríguez, Pablo; Gomez Díaz, Gorka; Iglesias González, Ana Laura; Pardo Espiñeira, Francisco Javier; Caride Estévez, María José; Rodríguez Calviño, Patricia; Aneiros Pereira, Jaime; Mejías Sacaluga, Ana María; Fernández Pérez, Jose Mamuel; Iglesias López, Patricia; Martín Peña, José Miguel; Sanchez Mendez, Luisa María; Gonzalez Abeijón, Fernando; García González, Patricia; Benavides Alonso, Daniel; Abalde Comesaña, Filipe; Martínez Piñeiro, Ana; Pérez Iglesias, Xabier.
00:03:01 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
00:04:12 : 1. Actas anteriores: Ordinaria (agosto) do 9 de setembro.
00:04:24 : 3. Actualización da fórmula de cálculo das gratificacións por servizos extraordinarios prestados fóra da xornada laboral ordinaria. Expediente 44575/220. (Expte. Pleno 4629/1101).
00:04:50 - Rodríguez Calviño, Patricia
00:07:32 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
00:07:41 - Pérez Iglesias, Xabier
00:11:01 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
00:11:42 - Rodríguez Calviño, Patricia
00:14:14 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
00:14:20 - -Votación-



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2024 10:16	Páxina 159 de 164
4675-1101	CSV: ADA2C4-A23HB1-AEA6E6-9WJG3H-72V374-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- 00:14:40 : 4. Dar conta das Liñas Fundamentais do Orzamento do 2025. Expte.91/142. (Expte. Pleno 4582/1101).
- 00:15:21 - Aneiros Pereira, Jaime
- 00:20:23 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 00:20:31 - Pérez Iglesias, Xabier
- 00:25:31 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 00:25:38 - García González, Patricia
- 00:30:06 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 00:30:12 - Aneiros Pereira, Jaime
- 00:33:17 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 00:34:54 : 5. Modificación da ordenanza fiscal xeral. Expte. 3180/500. (Expte. Pleno 4583/1101).
- 00:35:06 - -Inicio debate do punto 5 o 15-
- 00:35:06 - Aneiros Pereira, Jaime
- 00:45:07 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 00:45:16 - Pérez Iglesias, Xabier
- 00:45:50 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 00:46:55 - Pérez Iglesias, Xabier
- 00:56:30 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 00:56:37 - García González, Patricia
- 01:04:19 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 01:04:29 - Aneiros Pereira, Jaime
- 01:10:31 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 01:11:02 - Votación particular [10:14:17]
- 01:11:24 - Votación da modificación
- 01:11:45 : 6. Modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles. Expte. 3181/500. (Expte. Pleno 4584/1101).
- 01:11:52 - Voto particular
- 01:12:11 - Votación da modificación
- 01:12:25 : 7. Modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica. Expte. 3182/500. (Expte. Pleno 4585/1101).
- 01:12:28 - Voto particular
- 01:12:43 - Votación da modificación
- 01:13:00 : 8. Modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre actividades económicas. Expte. 3183/500. (Expte. Pleno 4586/1101).
- 01:13:01 - Voto particular
- 01:13:24 - Votación da modificación
- 01:13:39 : 9. Modificación da ordenanza fiscal reguladora sobre o imposto sobre construcións, instalacións e obras. Expte. 3184/500. (Expte. Pleno 4587/1101).
- 01:13:43 - Votación da modificación
- 01:14:02 - Voto particular
- 01:14:02 : 10. Modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas pola recollida do lixo. Expte. 3185/500. (Expte. Pleno 4588/1101).
- 01:14:21 - Votación da modificación
- 01:14:35 : 11. Modificación da ordenanza fiscal reguladora dos prezos públicos das Escolas Municipais de Música e Artes Escénicas. Expte. 3187/500. (Expte. Pleno 4589/1101).
- 01:14:37 - Voto particular
- 01:15:07 - Votación da modificación
- 01:15:24 : 12. Modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola concesión de licenzas de construcións, obras e instalacións. Expte. 3188/500. (Expte. Pleno 4590/1101).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2024 10:16	Páxina 160 de 164
4675-1101	CSV: ADA2C4-A23HB1-AEA6E6-9WJG3H-72V374-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- 01:15:25 - Voto particular
 01:15:42 - Votación da modificación
- 01:15:54 : 13. Modificación da ordenanza reguladora dos prezos públicos por utilización das instalacións deportivas municipais dependentes da Concellería de Deportes. Expte. 3189/500. (Expte. Pleno 4591/1101).
 01:15:55 - Voto particular
 01:16:11 - Votación da modificación
- 01:16:22 : 14. Modificación da ordenanza reguladora de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario polos servizos de inmovilización, retirada e depósito e custodia de vehículos. Expte. 3191/500. (Expte. Pleno 4592/1101).
 01:16:24 - Voto particular
 01:16:44 - Votación da modificación
- 01:16:58 : 15. Modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas polos documentos que expida ou que estenda a Administración do Concello e a Xerencia de Urbanismo a instancia de parte. Expte. 3198/500. (Expte. Pleno 4593/1101).
 01:17:03 - Voto particular
 01:17:16 - Votación da modificación
- 01:17:41 : 16. Plan especial de infraestructuras e dotacións para a ubicación da Biblioteca Pública Estatal en Vigo. Aprobación definitiva. Expte. 18662/411. (Expte. Pleno 4636/1101).
 01:17:59 - Caride Estévez, María José
 01:23:01 - Caballero Álvarez, Abel
 01:23:13 - Pérez Iglesias, Xabier
 01:28:14 - Caballero Álvarez, Abel
 01:28:19 - Martín Peña, José Miguel
 01:33:23 - Caballero Álvarez, Abel
 01:33:31 - Caride Estévez, María José
 01:36:42 - Caballero Álvarez, Abel
 01:36:59 - -Votación-
 01:37:34 - -Minuto de silencio en memoria das vítimas de violencia machista-
- 01:38:50 : 17. Moción do grupo municipal Socialista instando a Xunta de Galicia a elaborar e executar un plan anual de atención o río Lagares dende Augas de Galicia. Expte. Pleno 4637/1101.
 01:39:11 - Rodríguez Rodríguez, Nuria
 01:44:04 - Caballero Álvarez, Abel
 01:44:12 - Abalde Comesaña, Filipe
 01:49:13 - Caballero Álvarez, Abel
 01:49:18 - Sanchez Mendez, Luisa María
 01:53:35 - Caballero Álvarez, Abel
 01:53:42 - Rodríguez Rodríguez, Nuria
 01:56:48 - Caballero Álvarez, Abel
 01:57:05 - -Votación-
- 01:57:30 : 18. Moción do grupo municipal Socialista para esixirlle a Xunta de Galicia que todos os centros educativos vigueses dispoñan de orientadores e orientadoras, así como dos e das especialistas necesarios para garantir a atención educativa adecuada aos nosos nenos e nenas. Expte. Pleno 4638/1101.
 01:58:00 - Alonso Suarez, María Olga
 02:03:03 - Caballero Álvarez, Abel
 02:03:12 - Martínez Piñeiro, Ana
 02:07:54 - Caballero Álvarez, Abel
 02:08:01 - Benavides Alonso, Daniel



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2024 10:16	Páxina 161 de 164
4675-1101	CSV: ADA2C4-A23HB1-AEA6E6-9WJG3H-72V374-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- 02:13:09 - Caballero Álvarez, Abel
 02:13:28 - Alonso Suarez, María Olga
 02:16:26 - Caballero Álvarez, Abel
 02:16:35 - -Votación-
- 02:16:56 : 19. Moción do grupo municipal Socialista instando a Xunta de Galicia á inmediata devolución da parcela, actualmente en desuso, da antiga Estación de Autobuses de Vigo, unha vez concluída a finalidade que motivou a cesión da mesma polo Concello de Vigo á Xunta de Galicia. Expte. Pleno 4639/1101.
- 02:17:15 - Caride Estévez, María José
 02:22:24 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:22:33 - Pérez Iglesias, Xabier
 02:26:53 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:27:00 - Gonzalez Abeijón, Fernando
 02:31:20 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:31:27 - Caride Estévez, María José
 02:34:37 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:34:53 - -Votación-
- 02:35:22 : 20. Moción do grupo municipal Socialista instando a Xunta de Galicia á asunción da débeda histórica que ten coa cidade de Vigo, incrementada en 470 millóns polo sobrecusto da construción do Hospital Álvaro Cunqueiro, incluíndo nos Orzamentos autonómicos para 2025, as correspondentes partidas que permitan os investimentos que esta cidade demanda. Expte. Pleno 4640/1101.
- 02:35:55 - López Font, Carlos
 02:40:50 - Espinosa Mangana, Elena
 02:41:07 - Pérez Iglesias, Xabier
 02:46:02 - Espinosa Mangana, Elena
 02:46:12 - Sanchez Mendez, Luisa María
 02:50:45 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:50:51 - López Font, Carlos
 02:53:56 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:54:05 - -Votación-
- 02:54:43 : 21. Moción do grupo municipal Socialista instando a Xunta de Galicia a reactivar de forma inmediata e urxente a ?Comisión Mixta para a integración da rede galega de trastornos aditivos no Servizo Galego de Saúde?. Instando a que dote nos orzamentos da Xunta do 2025 a partida necesaria para materializalo e mentres esta non se produza, a Xunta asuma á contratación do persoal para a cobertura das vacantes. Expte. Pleno 4641/1101.
- 02:55:19 - Aguiar Castro, Yolanda
 02:59:50 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:59:55 - Abalde Comesaña, Filipe
 03:04:36 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:04:43 - Gonzalez Abeijón, Fernando
 03:08:08 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:08:20 - Gonzalez Abeijón, Fernando
 03:08:36 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:08:41 - Gonzalez Abeijón, Fernando
 03:08:45 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:08:48 - Gonzalez Abeijón, Fernando
 03:10:12 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:10:28 - Aguiar Castro, Yolanda
 03:13:12 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 03:13:26 - -Votación-
- 03:14:09 : 22. Moción do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego instando ao goberno municipal a promoción e participación cidadá e a xestión transparente no Concello de Vigo. Expte.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2024 10:16	Páxina 162 de 164
4675-1101	CSV: ADA2C4-A23HB1-AEA6E6-9WJG3H-72V374-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Pleno 4642/1101.
- 03:14:24 - Pérez Iglesias, Xabier
03:19:27 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
03:19:39 - Martín Peña, José Miguel
03:24:32 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
03:24:40 - López Font, Carlos
03:29:43 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
03:29:54 - Pérez Iglesias, Xabier
03:32:55 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
03:33:11 - -Votación-
- 03:33:38 : 23. Moción do grupo municipal do Partido Popular instando ao Concello de Vigo a incrementar as partidas económicas dedicadas a autoxestión. Avaliar a situación dos centros educativos de Vigo en referencia a conservación e mantemento. Implantar medidas de control sobre o servizo de limpeza dos centros educativos públicos e instar á Concellería de Política Social a buscar axudas para o pago anticipado das axudas de comedor antes da finalización do último cuadrimestre. Expte. Pleno 4643/1101.
- 03:34:22 - Benavides Alonso, Daniel
03:34:24 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
03:34:32 - Benavides Alonso, Daniel
03:39:34 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
03:39:43 - Martínez Piñeiro, Ana
03:44:46 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
03:44:53 - Alonso Suarez, María Olga
03:49:55 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
03:50:03 - Benavides Alonso, Daniel
03:53:10 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
03:53:22 - -Votación-
- 03:54:08 : 24. Dar conta de resolucións da Alcaldía ditadas entre o 31/08/24 e o 23/09/24, incluídas no expediente 1748/1102, (Expte. Pleno 4633/1101).
- 03:54:41 : 2. Dar conta do proxecto de obras de reforma de fachada e acondicionamento de local municipal na rúa Santiago (Paseo de Alfonso XII). Expediente 12120/307. (Expte. Pleno 4619/1101).
- 03:54:50 : 25. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, ditadas entre o 31/08/24 e o 23/09/24, incluídas no expediente 1749/1102, (Expte. Pleno 4634/1101).
- 03:55:09 : 26. Formulación de rogos.
03:55:15 - Martínez Piñeiro, Ana
03:55:51 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
03:55:57 - Martín Peña, José Miguel
03:56:09 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 03:56:13 : 27. Formulación de preguntas.
03:56:22 - Abalde Comesaña, Filipe
03:56:54 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
03:57:04 - Martín Peña, José Miguel
03:57:23 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
03:57:48 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier

Sen máis asuntos que tratar a Presidencia deu por rematada a sesión ás trece horas e un minuto (13:01) redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2024 10:16	Páxina 163 de 164
4675-1101	CSV: ADA2C4-A23HB1-AEA6E6-9WJG3H-72V374-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

De conformidade co acordo adoptado polo Pleno do Concello, na sesión ordinaria de data 27.01.2021, e co establecido no artigo 3 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, a presente Acta, identificada co nº 17/2024, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2024.
am.

A PRESIDENCIA
Javier Pardo Espiñeira
Abel Caballero Álvarez

O SECRETARIO XERAL DO PLENO
Jose Villan Fuertes



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/11/2024 10:16	Páxina 164 de 164
4675-1101	CSV: ADA2C4-A23HB1-AEA6E6-9WJG3H-72V374-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		